

**ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DE ENTIDADES SOCIAS
DO FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE**

**Celebrada no Auditorio Xosé Neira Vilas, na Cidade da Cultura (Santiago
de Compostela)**

11 de abril de 2024

Hora de inicio: 10:13h

ASISTENTES:

Concello da Cañiza	Luis Antonio Gómez Piña
Concello da Laracha	María del Carmen Ameijeiras Arias
Concello da Pobra do Caramiñal	María Begoña Olveira Sanisidro
Concello das Neves	Ana Belén Durán Montero
Concello de Abegondo	Alberto Seoane Brandariz
Concello de Ames	Uxía García Otero
Concello de Ames	Leonardo Pena Couceiro
Concello de Allariz	Tania Álvarez Ayán
Concello de Arteixo	Inés Ramos Álvarez
Concello de Barreiros	Ana Belén Ermida Igrexas
Concello de Bergondo	María Begoña Calviño Dorado
Concello de Brión	María Rosa Romero Fariña
Concello de Burela	Mario Pillado Mon
Concello de Cambados	Regina Núñez Mosteiro
Concello de Cartelle	Daniel Fernández Carril
Concello de Culleredo	Jesús López Agra
Concello de Cuntis	Manuel Campos Velay
Concello de Lousame	José Antonio Ces Barreiro
Concello de Lousame	Mónica Castaño
Concello de Lugo	Ana González Abelleria
Concello de Moeche	Cristina García Rey
Concello de Monforte de Lemos	Gloria María Prada Rodríguez
Concello de Nigrán	Juan Antonio González Pérez
Concello de Oleiros	Margarita Figueroa Vázquez
Concello de Ourense	Anibal Pereira Novoa

Concello de Pantón	María Cristina Domínguez
Concello de Ribeira	María Francisca Vidal Regueira
Concello de San Cibrao de Viñas	Ana María Moreiras Vázquez
Concello de San Sadurniño	María do Carme Muíño Filgueira
Concello de Silleda	Sara Blanco Gil
Concello de Tomiño	Sandra González Álvarez
Concello do Barco de Valdeorras	Orlando Luis Arturo Saavedra Cantillana
Concello do Irixo	Tamara Civeira Pérez
Concello do Rosal	Beatriz Rodríguez Alfonso
Deputación da Coruña	Rosa Ana García López
Deputación da Coruña	José Manuel Sambad Mato
Deputación de Lugo	Francisco Cajoto Caserío
Deputación de Pontevedra	Sandra Bastos Míguez
Deputación de Pontevedra	Sandra Vázquez

Escusan asistencia: Concello de Fene, Concello de Guitiriz, Concello de Laxe, Concello de Muros, Concello de Pontedeume, Concello de Porto do Son, Concello de Sada, Concello de Sober, Concello de Vilasantar.

Non asisten: Concello da Coruña, Concello da Estrada, Concello da Guarda, Concello da Pastoriza, Concello da Pobra de Trives, Concello de Alfoz, Concello de Baños de Molgas, Concello de Barro, Concello de Betanzos, Concello de Boiro, Concello de Bueu, Concello de Cabana de Bergantiños, Concello de Cabanas, Concello de Caldas de Reis, Concello de Cambre, Concello de Cangas, Concello de Carballo, Concello de Cariño, Concello de Carral, Concello de Castrelo de Miño, Concello de Castroverde, Concello de Corcubión, Concello de Covelo, Concello de Ferrol, Concello de Gondomar, Concello de Malpica de Bergantiños, Concello de Manzaneda, Concello de Miño, Concello de Moaña, Concello de Moeche, Concello de Monfero, Concello de Moraña, Concello de Mugardos, Concello de Narón, Concello de Noia, Concello de Oímbra, Concello de Outes, Concello de Poio, Concello de Pontearreas, Concello de Pontecesures, Concello de Pontevedra, Concello de Ramirás, Concello de Redondela, Concello de Rianxo, Concello de Rodeiro, Concello de San Cibrao de Viñas, Concello de Sandiás, Concello de Santiago de Compostela, Concello de Sarria, Concello de Soutomaior, Concello de Teo, Concello de Triacastela, Concello de Valga, Concello de Verea, Concello de Verín, Concello de Viana do Bolo, Concello de

Vilagarcía de Arousa, Concello de Vilar de Santos, Concello de Vilardevós, Concello de Xove, Concello do Porriño, Concello do Valadouro e Concello de Tui.

Juan González, presidente, fai unha presentación das persoas que o acompañan na mesa:

- María Muíño, Concelleira de San Sadurniño e Secretaria do Fondo Galego
- José Manuel Alfonso, Alcalde das Neves e Tesoureiro do Fondo Galego

Dá a benvinda, indicando que no día de hoxe arrinca o inicio do traballo para os próximos catro anos, nun contexto mundial cargado de incerteza. O ano 2023 foi o ano con máis guerras en todo o mundo desde a Segunda Guerra Mundial. Unha de cada seis persoas no mundo están vivindo hoxe nun contexto bélico. Bateuse, así mesmo, o récord de persoas desprazadas por conflitos armados; e outro récord, 1,6 millóns de persoas pediron asilo no pasado ano.

As consecuencias do cambio climático tampouco nos deben resultar indiferentes. A seca provoca a alza dos prezos como o arroz, que incrementou o seu prezo nun 30% en moitos países onde é unha parte esencial da dieta para millóns de persoas.

Así mesmo, neste ano 2024, o 51% da humanidade será chamada ás urnas con comicios en Europa, Estados Unidos, India, Rusia ou Reino Unido, entre outros, o que pode facer variar as políticas globais e a orde xeopolítica mundial.

O presidente remarca que non debemos perder a esperanza, pero resulta crucial espazos coma o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, onde se reivindica a importancia da cooperación internacional para construír un mundo máis xusto.

Remata facendo a presentación dos puntos da orde do día e dá paso a María Muíño, secretaria do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

1. Aprobación da acta anterior.

María Muíño comenta que, tras o envío por correo electrónico da acta correspondente á Asemblea Xeral do 4/10/2023 nos días seguintes á celebración de dita reunión, por se houberse que incluír algún cambio, non se recibiu ningunha comunicación ao respecto. Así mesmo, a acta volveu ser enviada coa convocatoria da presente reunión, sen recibir achegas novamente.

Tras preguntar se existe algunha cuestión que comentar sobre a mesma, a acta queda aprobada por unanimidade.

2. Ratificación das altas e baixas.

A Secretaria informa de que o Fondo Galego pechou o ano 2023 con unha baixa, o Concello de Riotorto (Lugo), que por Decreto de Alcaldía do 19/04/2023, e alegando cuestións económicas, solicitaba a baixa da asociación.

En conclusión, o ano 2023 pechouse con 102 entidades socias, sendo 99 concellos e tres deputacións.

No entanto, no que vai de ano, rexistráronse seis altas na asociación, das que se dan conta:

- Concello de Pantón (Lugo): Adhesión o 12/01/2024 por Decreto de Alcaldía.
- Concello de Sober (Lugo): Adhesión o 19/01/2024 por Decreto de Alcaldía.
- Concello da Cañiza (Pontevedra): Adhesión o 27/12/2023 por acordo plenario.
- Concello de Cangas (Pontevedra): Aprobada a adhesión por acordo plenario do 23/02/2024.
- Concello de Montederramo (Ourense): Aprobada a adhesión por acordo plenario do 25/03/2024.
- Concello de Tui (Pontevedra): Aprobada a adhesión por acordo plenario do 1/04/2024.

Tendo en conta estas novas adhesión, o Fondo Galego conta na actualidade con 108 entidades socias, coa esperanza de continuar medrando ao longo desta anualidade.

María Muíño resalta que 107 era ata o momento o número máximo de entidades socias na historia do Fondo Galego, acadada no ano 2008. Agora, no 2024, ráchase esta barreira coa intención de que o número de socios vaia en aumento tamén nos próximos anos.

Destaca tamén que para conseguir este obxectivo é fundamental a implicación que poidamos ter desde os concellos e deputacións socias. Neste sentido, agradece de antemán que as entidades socias poidan trasladar aos concellos da súa contorna o convite para unirse ao Fondo Galego; ou convidar ao Fondo Galego a participar na reunión da mancomunidade da que fagan parte; ou incluso en reunións comarcais ou a nivel dos partidos políticos.

Neste sentido, sinala, os concellos implicados recibirán todo o apoio técnico que fora preciso.

Tras preguntar se hai algunha dúbida ou comentario, e non habendo ningunha achega ao respecto, procédese a ratificar a baixa e as seis altas na asociación.

3. Aprobación, se procede da memoria de actividades e balance económico do ano 2023.

Juan González fai a presentación deste punto, facendo fincapé en que a asociación vén de pechar unha intensa anualidade na que concluíu o mandato 2019-2023.

Procede a facer un breve resumo das principais actividades que marcaron o ano 2023:

- Foron impulsados oito proxectos en países do Sur. Ademais, persoal dos nosos concellos compartiu os seus coñecementos cos parceiros en terreo a través da cooperación técnica, en Mozambique e Cabo Verde.
- Organizouse unha misión aos campamentos de persoas refuxiadas saharauís e celebramos na Illa do Príncipe o IV Foro da Cooperación Municipalista da Lusofonía.
- Entre as iniciativas impulsadas en Galicia, destacou o II Encontro Estatal de Governos Locais e Cooperación Internacional, as accións do proxecto People & Planet ou as visitas de delegacións chegadas Brasil, Italia, Príncipe e o Sáhara para intercambiar experiencias.

Incide, ademais, que estas e outras moitas actividades foron posibles grazas ao traballo man a man con diversas entidades e institucións, así como á colaboración da Xunta de Galicia, a Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento ou o programa DEAR da UE.

Acto seguido procédese a visualizar un vídeo resumo que dá conta do traballo desenvolvido ao longo do 2023.

Logo, toma a palabra José Manuel Alfonso, Tesoureiro, para tratar a cuestión da rendición de contas económicas.

José Manuel Alfonso informa de que tanto o balance de situación como a conta de resultados foron enviados por *email* a todos os socios xunto co resto da documentación a tratar na Asemblea. Procede entón a facer unha breve introdución en materia económica, dando conta de que a contabilidade do exercicio 2023 reflicte a estabilidade da asociación. Así mesmo, alén dos ingresos que se acadan a través das cotas, destaca as subvencións recibidas por parte de diferentes institucións, como: a Xunta de Galicia, o Concello da Coruña, o Concello de Narón, o programa DEAR da Unión Europea, a Deputación de Lugo, o Concello de Nigrán, o Concello de Ames, a Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID) e unha doazón particular do Club Deportivo Lousame.

Comeza analizando os datos que aparecen na memoria de actividades que foi entregada ao inicio da reunión e que é un bo resumo do 2023 en materia económica:

INGRESOS 2023: 459.757,93 €

- Cotas entidades socias: 201.601,68€
- Subvención Comisión Europea: 106.651,87 €
- AECID: 29.150,22 €
- Subvención Xunta de Galicia: 60.000,00 €
- Subvención Xunta de Galicia (People & Planet): 9.490,00 €
- Subvención Concello da Coruña: 20.022,79 €
- Subvención Concello de Narón: 11.000,00 €
- Subvención Deputación de Lugo: 6.500,00€
- Subvención Concello de Nigrán: 10.000,00€
- Subvención Concello de Ames: 1.500,00€
- Doazón Club Deportivo Lousame: 2.327,24 €
- Reembolsos Confederación de Fondos: 1.514,13 €

GASTOS 2023: 455.105,31 €

- 41,43% destinado a proxectos e actividades de cooperación internacional ao desenvolvemento
- 46,78% destinado a actividades de sensibilización, educación para a cidadanía global, formación e comunicación
- 10,54% destinado a gastos de funcionamento
- 1,16% destinado a actividades de fortalecemento da asociación e relacións institucionais
- 0,09% de gastos imprevistos

SUPERÁVIT 2023: 4.652,62 €

Continúa tratando o BALANCE DE SITUACIÓN, indicando que este documento dáns unha imaxe de como é a situación económica do Fondo Galego ao peche do exercicio 2023.

O ACTIVO, que fai referencia aos bens que posúe o Fondo Galego, tendo en conta as depreciacións e as débedas contraídas coa entidade, ascende a 416.003,97€

O activo non correntes, que fai referencia aos bens intanxibles (como a web, a plataforma de formación e a exposición de realidade aumentada da que se benefician nove concellos) e tanxibles (como o mobiliario de oficina e os equipos informáticos), ascende a 70.858,32€.

O activo corrente, que fai referencia aos bens monetarios que posúe o Fondo Galego, ascende a 345.145,65€, que se dividen en:

- Débedas contraídas co Fondo Galego por impago de cotas: 15.371,70€.
- Débedas por subvencións ou facturas pendentes de cobro: 41.812,00€
- Ao peche da anualidade o Fondo Galego conta cunha liquidez de 287.961,95€.

En canto ao PASIVO:

- O PATRIMONIO NETO alude ao acumulado de exercicios anteriores. Observamos 271.924,59€ que é a cantidade acumulada froito dos resultados positivos e negativos ao longo da historia do Fondo Galego. Os fondos propios ascenden a 209.965,06€.
- O PASIVO CORRENTE, que ascende a 144.079,38€, alude ao que debemos ou que está pendente de gastar na anualidade 2023. Neste senso, aparecen reflectidos gastos de facturas e impostos do mes de decembro que foron recibidas en xaneiro. Co cal, non hai nada destacado que comentar xa que responde á normalidade.

En canto á CONTA DE RESULTADOS 2023, destaca (alén dos ingresos, que xa foron tratados con anterioridade):

- 154.357,95€ de axudas monetarias, dos que 6.450€ se corresponden cos premios do concurso de murais e o restante coa financiación dos proxectos de emerxencia e cooperación ao desenvolvemento nos países do Sur.
- 249.562,81€ como gasto de aprovisionamento, que fai referencia a servizos contratados, compra de materiais ou pago de honorarios para a realización das actividades previstas. Remarca que neste sentido o gasto tan avultado neste concepto é debido ás numerosas subvencións recibidas para a realización de actividades de sensibilización en Galicia, principalmente o proxecto europeo.
- 97.058,38€ en gastos de persoal.
- 25.768,89€ en gastos de funcionamento e de realización de actividades.
- Dáse un excedente no exercicio que ascende a 4.652,62€.

A modo de conclusión, dá fe da estabilidade económica da asociación, así mesmo, informa de que toda a documentación relativa á contabilidade está dispoñible na oficina técnica e que todas as entidades socias poden acceder a ela, simplemente poñéndose en contacto co persoal técnico da asociación. Así mesmo, para visibilizar a transparencia da asociación, o balance de situación e a conta de resultados estarán dispoñibles na páxina web do Fondo Galego tras a súa aprobación por parte da Asemblea.

E xa para rematar, informa que desde o pasado mes de marzo estanse enviando os recibos das cotas desta anualidade. Prega, así mesmo, a aqueles concellos que teñen pendente o pago dalgunha cota de anualidades anteriores, que proceda ao seu pago á maior brevidade.

Juan González agradece a intervención do Tesoureiro, pola súa complexidade, e procede a preguntar á Asemblea se hai algunha alegación, dúbida ou comentario ao respecto. Non habendo ningunha intervención, dáse por aprobada a memoria de actividades 2023 e o balance económico. Aprobación, se procede, das Liñas Estratéxicas para o período 2024-2027.

4. Aprobación, se procede, das Liñas Estratéxicas para o período 2024-2027.

Fai a presentación deste punto o presidente, Juan González.

Comeza indicando que nos atopamos ante un novo ciclo marcado pola aprobación da Lei de Cooperación para o Desenvolvemento Sostible e a Solidariedade Global, aprobada o 9 de febreiro de 2023 co voto favorable da gran maioría dos grupos políticos representados no Congreso dos Deputados. Esta Lei recoñece aos Fondos de cooperación, como é o caso do Fondo Galego, como actores clave da cooperación, e reforza o papel dos municipios en materia de cooperación ao desenvolvemento.

Por tanto, unha nova etapa se abre non só para o sistema da cooperación ao desenvolvemento no conxunto do Estado, senón que supón unha nova oportunidade para que a administración local se sume ao impulso que pretende dar esta norma á solidariedade realizada entre os pobos.

Por outra parte, un acontecemento que marcará de facto este novo mandato será a conmemoración do 30 aniversario do Fondo Galego no ano 2027.

Con todo este marco, as presentes Liñas Estratéxicas son froito, por unha banda, das aprendizaxes xurdidas da experiencia do Fondo Galego nos últimos tempos, e por outra, dos novos retos que presenta a nosa asociación municipalista.

Así mesmo, informa que na pasada semana tiveron lugar as reunións da Rede Municipalista Solidaria. Reunións a nivel provincial que nos permitiron coñecer tamén a percepción das entidades socias sobre esta proposta de Liñas Estratéxicas para este mandato. Podemos resumilas en seis obxectivos:

OBXECTIVO 1: INCREMENTAR A BASE ASOCIATIVA

A meta será a de conseguir a adhesión dun mínimo de 5 concellos ao ano.

OBXECTIVO 2: INCREMENTAR A CAPACIDADE ORZAMENTARIA DA ENTIDADE

E para iso, teremos dúas estratexias:

- Incrementar os importes achegados nas cotas nun 0,01% para así pechar o mandato cunhas cotas que suporían o 0,02% sobre os ingresos correntes dos nosos concellos. Esta é unha proposta que obviamente ten que ser aprobada pola Asemblea Xeral para poder levarse a cabo.
- Incrementar o número de entidades que financian proxectos do Fondo Galego.

OBXECTIVO 3: FORMAR AO CORPO POLÍTICO E TÉCNICO MUNICIPAL EN DIFERENTES TEMAS DA COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO E ODS

Para iso van ser realizadas accións formativas sobre diferentes cuestións da cooperación ao desenvolvemento e ODS. A proposta é que haxa unha formación ao ano.

OBXECTIVO 4: FOMENTAR AS ALIANZAS ESTRATÉXICAS

Fala da participación en dúas redes fundamentalmente:

- O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade ocupa actualmente a Vicepresidencia na Confederación de Fondos de Cooperación e Solidariedade, entidade que agrupa aos nove Fondos existentes a nivel estatal.
- En canto á Rede de Autoridades Locais da Lusofonía polos ODS, entidade creada de xeito informal na que participan administracións locais e rexionais da meirande parte dos países lusófonos. Vaise traballar na liña de dotala dunhas liñas de traballo continuo, así como de un órgano de dirección no que participe o Fondo Galego.

O traballo dentro deste obxectivo tamén pasa por afianzar o diálogo e sinerxías coa FEGAMP, coa que se asinará nesta anualidade un convenio de colaboración.

OBXECTIVO 5: SENSIBILIZAR SOBRE TEMAS DE SOLIDARIEDADE, DEREITOS HUMANOS E ODS ÁS ADMINISTRACIÓNS LOCAIS GALEGAS.

Para dar cumprimento a este obxectivo contarase con tres liñas de acción:

- Impulsar actividades culturais ou formativas para espallar os valores da solidariedade e Dereitos Humanos. A meta será que anualmente un mínimo de 20 concellos e deputacións acollan actividades promovidas polo Fondo Galego.
- Impulsar o diálogo e intercambio entre o municipalismo galego e o municipalismo do Sur Global. Para o que anualmente será realizada unha actividade que procure o encontro entre cargos electos de Galicia e dos países do Sur.
- Emprego das novas ferramentas de comunicación e deseño de accións novidosas no eido da comunicación. Para o que se elaborará unha nova estratexia de comunicación.

OBXECTIVO 6: MELLORAR A CALIDADE E IMPACTO DAS ACCIÓNS DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL AO DESENVOLVEMENTO.

Tres liñas de acción marcarán o cumprimento deste obxectivo:

- Impulso de programas: A aposta sería apoiar programas de cooperación de tres a catro anos de execución, para obter así un maior impacto e eficiencia da nosa cooperación.

- Fomentar a cooperación técnica a través do programa Especialistas en Cooperar: programa dirixido fundamentalmente ao persoal técnico dos concellos e deputacións. O programa leva funcionando desde o ano 2006 e é un dos programas de maior recoñecemento da entidade.
- Lanzamento de convocatorias de proxectos para ONGD con carácter bianual.

Ao finalizar, González diríxese á Asemblea para preguntar se hai algunha dúbida, pregunta ou oposición. Non habendo ningunha intervención, danse por aprobadas as Liñas Estratéxicas 2024-2027 por unanimidade.

5. Aprobación, se procede, do plan de actividades e orzamento para o ano 2024.

Toma a palabra Andrea García para comezar a tratar as actividades relativas ás áreas de fortalecemento, acción institucional e cooperación internacional.

- **OBXECTIVO: INCREMENTAR A BASE ASOCIATIVA**

ACTIVIDADE: Campaña de captación e sensibilización das administracións locais

- **OBXECTIVO: FORMAR AO CORPO POLÍTICO E TÉCNICO MUNICIPAL EN DIFERENTES TEMAS DA COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO E ODS**

ACTIVIDADE: Obradoiros sobre os ODS (8 obradoiros).

Xa foron executados 6 obradoiros no que vai de ano, quedando pendente de execución un obradoiro en Fene, previsto para o 25 de abril, e outro na provincia de Ourense, pendente de coñecer a data e emprazamento.

- **OBXECTIVO: FOMENTAR AS ALIANZAS ESTRATÉXICAS**

ACTIVIDADE: Manter un papel dinámico dentro da Confederación de Fondos e da Rede de Autoridades Locais da Lusofonía polos ODS.

ACTIVIDADE: Renovar a relación de colaboración coa FEGAMP para poder realizar actividades conxuntas.

- **OBXECTIVO: MELLORAR A CALIDADE E IMPACTO DAS ACCIÓNS DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL AO DESENVOLVEMENTO.**

ACTIVIDADE 11: Proxectos de cooperación directa.

ACTIVIDADE 12: Convocatoria de proxectos para ONGD

No final do ano será aberta a convocatoria de proxectos para ONGD, na que as entidades poderán presentar as súas solicitudes para que o Fondo Galego financie os proxectos de cooperación ao desenvolvemento impulsados por estas entidades. Prégase que desde os concellos difundan tamén a convocatoria ás ONGD que poidan estar rexistradas nos rexistros municipais.

A convocatoria estará dotada con cargo ao orzamento 2025, cunha cifra aínda por determinar.

ACTIVIDADE : Especialistas en Cooperar.

Especialistas en Cooperar é un programa de cooperación técnica dirixido fundamentalmente ao persoal dos concellos e deputacións de Galicia. No 2024, este programa dá un paso máis alá na súa maduración e consolidación como un programa de referencia a nivel estatal en canto á cooperación técnica. O programa vai participar en dous países:

Cabo Verde: Apoio ao Desenvolvemento Económico Local sustentable e participativo no municipio de Tarrafal.

Mozambique: Apoio á sustentabilidade e xestión financeira dos municipios de Manhiça e Namaacha (provincia de Maputo)

Contarase co financiamento da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID). Goberno de España.

Solicítase a colaboración dos concellos para facer chegar a convocatoria a todo o persoal técnico.

ACTIVIDADE: Misións de seguimento a Guinea Bissau e a Mozambique.

Serán realizadas dúas visitas a proxectos de cooperación en marcha ou recentemente rematados en Mozambique e Guinea Bissau. Dáse conta de que a misión a Guinea Bissau terá lugar no próximo mes de maio e participarán na mesma o presidente, o vicepresidente e o vogal Manuel Campos, alcalde de Cuntis, xunto coa técnica Andrea García.

ACTIVIDADE: Apoio ao Programa de acollida temporal a mulleres defensoras de Dereitos Humanos “Galicia Abriga”.

Faise unha breve presentación do programa, que será presentado no seguinte punto da orde do día, dando os parabéns á Coordinadora de ONGD por esta iniciativa.

Antes de rematar esta parte, faise unha mención especial sobre o que está acontecendo en PALESTINA. Andrea García apunta que numerosos concellos teñen ansias de colaborar co pobo palestino e visibilizar o xenocidio que están padecendo polo que, indica que están a traballar nunha acción coordinada da man da Coordinadora Galega de ONGD e a Confederación de Fondos para canalizar a solidariedade co pobo palestino do mellor xeito posible.

Acto seguido toma a palabra Carmen Novas para facer a presentación da área de sensibilización.

- **OBXECTIVO: SENSIBILIZAR SOBRE TEMAS DE SOLIDARIEDADE, DEREITOS HUMANOS E ODS ÁS ADMINISTRACIÓNS LOCAIS GALEGAS.**

ACTIVIDADE: Actividades das ONGD, Amigos da Terra, Solidariedade Internacional, Fundación Mozambique Sur e Asemblea de Cooperación pola Paz.

Contaremos con actividades promovidas polas ONGD Amigos da Terra, Solidariedade Internacional, Fundación Mozambique Sur e Asemblea de Cooperación pola Paz, para ser realizadas nun total de 12 concellos.

As actividades parten dun compromiso previo adquirido, tras ser as entidades beneficiarias na convocatoria de proxectos de cooperación internacional impulsada polo Fondo Galego no ano 2022. As accións están relacionadas cos proxectos aprobados, co obxectivo de sensibilizar á cidadanía sobre as desigualdades a nivel global.

ACTIVIDADE: Teatro sobre a poboación refuxiada (14 pases).

Vía Morta (compañía Culturactiva Producións e Pallasos en Rebeldía) pretende ser, máis que un espectáculo teatral, unha experiencia a través do teatro. Unha montaxe teatral que pretende traer a realidade das persoas refuxiadas ao público de Galicia a través dunha proposta que converte ao espectador nun refuxiado máis.

A obra denuncia a traxedia que as políticas migratorias da UE están a provocar. Este espectáculo fálanos sobre a triste situación dos millóns de refuxiados e refuxiadas aos que, aínda hoxe, a Unión Europea pecha as súas portas.

O espectáculo é válido para público en xeral e tamén para representacións escolares.

Complementariamente, haberá unha charla-debate posterior ás actuacións e unha exposición fotográfica da asociación Pallasos en Rebeldía no Campo de Refuxiados de Idomeni.

Serán catorce concellos os que poderán beneficiarse desta representación teatral xunto coas actividades complementarias. Asemade, será requirida unha cofinanciación obrigatoria de 1.000€ para esta actividade.

ACTIVIDADE: Encontro Internacional “As Elixidas”.

ACTIVIDADE: Obradoiros de videoactivismo.

ACTIVIDADE: Concursos de murais en 8 concellos.

ACTIVIDADE: Accións de rúa

Comunicación de guerrilla: O espazo público adoita ser o escenario desta técnica comunicativa nada convencional, que subverte a linguaxe da publicidade para chamar a atención sobre determinadas problemáticas, podendo utilizar o mobiliario urbano ao seu favor. Transgresora, aínda que non necesariamente molesta e a miúdo divertida, a comunicación de guerrilla emprega o enxeño e a creatividade para acadar maior impacto e provocar a reflexión.

ACTIVIDADE: Apagón ambiental

En liña con outras iniciativas que nos convidan a apagar as luces das casas para conmemorar algunha efeméride medioambiental, propónse que a Casa do Concello ou outro monumento emblemático do municipio quede sen iluminación, a unha hora concreta, coincidindo co Día Mundial do Medio Ambiente, o 5 de xuño. Preténdese así chamar a atención sobre a crise climática e a importancia de implicarse na defensa ecolóxica.

As actividades que poden solicitar as entidades socias son as seguintes:

- Cine e cooperación (3 pases/1 por concello)
- En deuda con todas (5 pases/1 por concello)
- Tecendo pontes con Mozambique (3 pases/1 por concello)
- Comunicación de guerrilla (1 concello)
- Obradoiros de videoactivismo (5 concellos)
- Apagón ambiental
- Todos os ODS son locais (1 concello da provincia de Ourense)
- Vía morta (14 pases/1 por concello)

Novas destaca que o prazo de solicitude das actividades de sensibilización remata o próximo luns 15 de abril, polo que apura aos concellos socios a que envíen as súas solicitudes. Explica como é o proceso de solicitudes e avaliación das mesmas:

- Os concellos poden solicitar ata 2 actividades.
- Concederáse un máximo de 1 actividade por concello.
- Para todas as actividades será preciso estar ao día no pago da cota.
- A adxudicación final poderá ter en conta criterios de distribución por provincias, concellos grandes e pequenos, costa e interior, equilibrio de forzas políticas, etc. No caso de que a demanda sexa moi elevada, non se descarta proceder á realización dun sorteo.
- A proposta someterase á aprobación da Comisión Executiva.

Ademais, as entidades solicitantes deberán:

- No caso de P&P, comprometerse a formar os grupos de traballo e facilitar os contactos.
- Darlle difusión e seguimento ás actividades, facilitando as xestións necesarias para o seu correcto desenvolvemento e acudindo ás reunións correspondentes.
- No caso de que un concello que resulte beneficiado con algunha das actividades non cumpra coas obrigas vinculada á mesma unha vez comece o proceso de execución, seralle cancelada a actividade, tendo o Fondo Galego avisado previamente, e será beneficiado o seguinte concello con maior puntuación que a tivese solicitado.

Beatriz Rodríguez, do concello do Rosal, indica que non recibiu a información. Obsérvase que puido haber algún erro no emprego da plataforma de comunicación, polo que Novas indica que se volverá enviar nesta semana e que no caso de ser preciso algún día a maiores para enviar a solicitude se poñan en contacto con ela.

Acto seguido toma a palabra José Manuel Alfonso para tratar a cuestión do orzamento 2024. Comeza falando dos ingresos previstos para esta anualidade, que se detallan do seguinte xeito:

INGRESOS	IMPORTE
Cotas entidades socias 2024	209.104,31 €
Convenio Xunta de Galicia	60.000,00 €
Programa DEAR da UE	33.520,42 €
Axencia Española de Cooperación Internacional ao Desenvolvemento	29.237,53 €
Convenio co Concello da Coruña	20.022,79 €
Convenio co Concello de Narón	11.000,00 €
Convenio co Concello de Nigrán	30.000,00 €
TOTAL INGRESOS	392.885,05 €

O Tesoureiro dá conta tamén do orzamento de gastos por partidas:

GASTOS	IMPORTE
GASTOS ÁREA FUNCIONAMENTO	46.544,86 €
Gastos persoal (1)	34.010,16 €
Correos, teléfono, internet, web, mensaxería, papelería, etc.	3.000,00 €
Asesoría contable	3.000,00 €
Asesoría xurídica	2.500,00 €
Servizo de prevención riscos laborais	300,00 €
Gastos de desprazamentos e manutención para actividade ordinaria	734,70 €
Impostos e Comisións bancarias	2.000,00 €
Memoria Anual	1.000,00 €
GASTOS ÁREA FORTALECEMENTO E ACCIÓN INSTITUCIONAL	12.000,00 €
Participación na Confederación de Fondos	6.500,00 €
Viaxes institucionais e participación en Foros estatais ou internacionais	4.000,00 €
Campaña de captación-sensibilización municipalismo galego	1.500,00 €
GASTOS ÁREA SENSIBILIZACIÓN E COMUNICACIÓN	179.084,57 €
Materiais comunicación e difusión	250,00 €

Actividades de sensibilización de ONGD	12.000,00 €
ACTIVIDADES INCLUÍDAS NO CONVENIO COA XUNTA	63.989,23 €
Encontro Internacional "As Elixidas"	9.450,95 €
Representacións Vía Morta (14)	19.880,00 €
Servizo técnico para Exposición de realidade aumentada	3.150,00 €
Axenda 2025	6.600,00 €
Gastos de persoal	24.908,28 €
ENCANTRO INTERNACIONAL "AS ELIXIDAS"-CONCELLO DA CORUÑA	20.022,79 €
Viaxes, aloxamentos e manutención de mulleres electas dos países do Sur	13.549,05 €
Gastos de persoal vinculado á actividade	6.473,74 €
People & Planet	82.822,56 €
Gastos vinculados ao persoal (salario e desprazamentos)	12.779,89 €
Viaxes internacionais para reunións de coordinación	4.871,05 €
Accións de rúa (Comunicación de guerrilla)	2.191,45 €
Obradoiros de cociña	1.925,99 €
Consello Climático Asesor Xuvenil	13.281,71 €
Obradorios sobre os ODS (8 obradoiros)	11.916,59 €
Axenda 2024 e outros materiais	4.632,17 €
Concursos de murais	31.223,71 €
GASTOS ÁREA COOPERACIÓN INTERNACIONAL	151.217,57 €
Proxectos de cooperación e Axuda Humanitaria e de Emerxencia	100.641,51 €
Convocatoria de proxectos 2024	0,00 €
Especialistas en Cooperar- AECID	35.276,07 €
Misión de seguimento a Guinea Bissau	5.300,00 €
Misión de seguimento a Mozambique	5.000,00 €
Programa de acollida temporal a mulleres defensoras de Dereitos Humanos	5.000,00 €
IMPREVISTOS	4.038,04 €
TOTAL GASTOS	392.885,05 €

En canto ao orzamento de gastos destaca que:

- O 45,58% será destinado a actividades de sensibilización e comunicación.
- O 38,49% irá destinado a proxectos de cooperación ao desenvolvemento e axuda humanitaria.
- O 11,85% a gastos de funcionamento.
- E o 3,05% á área de fortalecemento e acción institucional.

Para rematar, apunta que na documentación achegada aparecen todos os gastos desagregados por área e actividade, por se houberse algunha dúbida.

Procédese logo entón a someter á aprobación da Asemblea de ambos documentos, que son aprobados por unanimidade e sen alegación algunha.

Ana Ermida, alcaldesa de Barreiros (Lugo) intervén para incidir na importancia de que desde o Fondo Galego se faga algunha acción relativa ao xenocidio que está vivindo o pobo palestino e apunta a que desta Asemblea se acorde levar a cabo unha declaración conxunta. A proposta é ben recibida polas persoas asistentes. Manuel Campos, alcalde de Cuntis, reforza esta posición, alegando que coa guerra de Ucraína a resposta dos concellos foi máis rápida e contundente, e non tivo nada que ver coa gravidade do que está acontecendo na Franxa de Gaza.

Juan González diríxese á Asemblea para preguntar se hai acordo sobre esta proposta de elaborar unha declaración conxunta de rexeitamento ao xenocidio perpetrado por Israel que está a sufrir o pobo palestino. Non habendo voces en contra a proposta resulta aprobada por unanimidade.

Axúntase nesta acta o plan de actividades detallado e orzamento 2024.

6. Presentación do programa Galicia Abriga, a cargo de María Paz, Directora de Solidariedade Internacional de Galicia.

Toma a palabra María Paz, Directora de Solidariedade Internacional de Galicia e Presidenta da Coordinadora galega de ONGD, para facer unha breve presentación do programa Galicia Abriga e animando a todos os concellos que así o desexen a colaborar con este programa que no ano 2024 dará acollida a tres mulleres activistas dos Dereitos Humanos que están sufrindo acoso, asedio e diferentes niveis de violencia pola súa acción reivindicativa.

Axúntase un dossier que resume a presentación.

7. Rogos e preguntas.

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, dáse por finalizada a reunión cando son as 11: 50h.

Juan González
Presidente

María Muíño
Secretaria

Balance de Situación

Empresa 00600 - FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SO

Página

1

Fecha listado

09/04/2024

Observaciones

Período

De Enero a Diciembre

ACTIVO

2023

A) ACTIVO NO CORRIENTE		70.858,32
I. Inmovilizado intangible		66.918,31
20600001	WEB FONDO GALEGO.ORG	2.175,82
20600002	PLATAFORMA MOODLE CAMPUS	1.452,00
20600003	APP MOVIL GEOPOSICIONAM ODS	66.933,27
28060001	AMORT ACUM WEB FONDOGALEGO.	-2.175,82
28060002	AMORT ACUM PLATAFORMA MOODL	-1.164,38
28060003	AMORT ACUM APP MOVIL GEOPOSICI	-302,58
III. Inmovilizado material		3.940,01
21500000	OTRAS INSTALACIONES	3.351,70
21700001	ORDENADOR INTEL I3 540 25 11	719,00
21700002	PORTATIL DELL LATITUDE+OFFICE	1.492,90
21700003	PORTATIL DELL LATITUDE+MOH&BUS	1.513,81
21900001	FOTOCOPIADORA SHARP 09 02 10	2.640,00
21900002	ENCADERNADORA PULSAR 29 10 10	157,92
21900003	CAMARA SAMSUNG 19 05 11	150,97
21900004	DESTRUCTORA AUTOMATICA	240,79
21900005	FAIRPHONE 3+ MAS ACCESORIOS	1.139,55
28150000	AMORT.ACUM.DE OTRAS INSTAL.	-1.684,05
28170001	A.A. ORDENADOR INTEL I3	-719,00
28170002	AMORT ACUM PORTATIL DELL LATIT	-819,06
28170003	AMORT ACUM PORTATIL DELL LATIT	-448,96
28190001	A.A. FOTOCOPIADORA SHARP	-2.640,00
28190002	A.A. ENCADERNADORA PULSAR	-157,92
28190003	A.A. CAMARA SAMSUNG	-150,97
28190004	AMORT ACUM DESTRUCTORA AUTOM	-181,67
28190005	AMORT ACUM FAIRPHONE 3+ MAS A	-665,00
B) ACTIVO CORRIENTE		345.145,65
II. Usuarios y otros deudores de la act.propia		15.371,70
44800005	CONCELLO DE PONTEDEUME	695,85
44800008	CONCELLO DE TRIACASTELA	219,02
44800029	CONCELLO DE BUEU	1.048,20
44800043	CONCELLO DE CUNTIS	423,45
44800080	CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPO	10.528,64
44800092	CONCELLO DE VILASANTAR	237,96
44820001	CONCELLO DE VERIN	2.218,58
III. Deudores comerciales y otras ctas.a cobrar		41.812,00
43000010	FRENTE NACIONAL PREFEITOS (BRA	-170,20
43000016	CONCELLO DE BOIRO	750,00
43000018	CONCELLO DE ALLARIZ	750,00
47081001	DEPUTACION DE LUGO	6.500,00
47082001	CONCELLO CORUÑA	400,46
47084001	COMISION EUROPEA	33.520,42

Balance de Situación

Empresa 00600 - FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SO

Página

2

Fecha listado

09/04/2024

Observaciones

Período

De Enero a Diciembre

ACTIVO

2023

47090000	HP,DEUDORA POR DEV.DE IMP.	61,32
VII. Efectivo otros activos líquidos equivalen		287.961,95
57000000	CAJA, EUROS	250,00
57200001	ABANCA 40004276	68.500,33
57200002	ABANCA 40016786	146.663,62
57200003	ABANCA 40036881 MISION SAHARA	72.548,00
TOTAL ACTIVO (A + B)		416.003,97

Balance de Situación

Empresa 00600 - FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SO

Página

3

Fecha listado

09/04/2024

Período

De Enero a Diciembre

Observaciones

PASIVO		2023
A) PATRIMONIO NETO		271.924,59
A-1) Fondos propios		209.965,06
I. Dotación Fundacional/Fondo social		205.889,72
1. Dotación fundacional/Fondo social		205.889,72
10100000 FONDO SOCIAL		205.889,72
II. Reservas		3.400,46
11370000 RVA.ERROS CONTAB EFEC POSITIVO		3.400,46
III. Excedentes de ejercicios anteriores		-3.977,74
12102100 RESULTADO NEGATIVO 2021		-3.977,74
IV. Excedente del ejercicio		4.652,62
A-2) Subvenciones,donaciones legados recibidos		61.959,53
13040001 SUBV.PROYECTO EUROPEO SUBV.21		1.033,55
13040002 SUBV.PROYECTO EUROPEO SUBV.22		958,36
13040003 SUBV.PROYECTO EUROPEO SUBV.23		59.967,62
C) PASIVO CORRIENTE		144.079,38
II. Deudas a corto plazo		65.380,60
3. Otras deudas a corto plazo		65.380,60
52300005 ALTIA CONSULTORES SA		64.432,50
55500000 PARTIDAS PTES.DE APLICACIÓN		-6,90
56100001 GARANTIA ARTEFEITO EX2022-1		955,00
IV. Beneficiarios-Acreedores		
V. Acreedores comerciales y otras ctas.a pagar		78.698,78
1. Proveedores		67.548,00
40000059 AIR ALGERIE		67.548,00
2. Otros acreedores		11.150,78
41000000 ACRE.POR PREST.DE SERVICIOS		150,00
41000002 ALGALIA S COOP GALEGA		274,73
41000025 R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNI		11,42
41000056 FISCALGALICIA GLC SLP		1.860,38
41000065 STP AIRWAYS		787,77
41010001 IGLESIAS VAZQUEZ ALEJANDRO		962,95
41090000 ACRE.PREST.SS,FRAS.PTES.RECIBI		-80,00
47510000 HACIENDA PUB.ACREE.RETEN.PRACT		4.837,06
47600000 ORG.DE LA SEG.SOCIAL,ACRE.		2.346,47
TOTAL PATRIMONIO NETO Y PASIVO (A + B + C)		416.003,97

Cuenta de Pérdidas y Ganancias

Empresa 00600 - FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SO

Página

1

Fecha listado

22/01/2024

Observaciones

Período

De Enero a Diciembre

2023

A) EXCEDENTE DEL EJERCICIO

1. Ing.de la actividad propia 459.757,93

a) Cuotas de asociados y afiliados 201.601,68

72000001 COTAS ANUAIS 201.601,68

d) Subv.donac y legados imput.exc ejerc 258.156,25

74000002 XUNTA DE GALICIA-AXENDA 2030 69.490,00

74010001 DEPUTACION DE LUGO 6.500,00

74020001 CONCELLO CORUÑA 20.022,79

74020002 CONCELLO DE NARON 11.000,00

74020003 CONCELLO DE NIGRAN 10.000,00

74020004 CONCELLO DE AMES 1.500,00

74040001 CE-PROXECTO COMISION EUROPEA 106.651,87

74060001 SUBV CONFEDERACION FONDOS 1.514,13

74060003 DONATIVO CLUB DEPORTIVO LOUSA 2.327,24

74060004 SUBV. AECID 29.150,22

3. Gastos por ayudas y otros -155.102,13

a) Ayudas monetarias -154.357,95

65010000 AYUDAS MONETARIAS INDIVIDUALES -6.450,00

65020000 AYUDAS MONETARIAS A ENTIDADES -325,00

65040000 AYU.MON.COOPERACIÓN INTERNACIO -147.582,95

c) Gastos por colabor.y del órgano de gob. -744,18

65300000 COMP.GTOS.PREST.DE COLABORA. -744,18

6. Aprovisionamientos -249.562,81

60200001 COMPRAS PARA REALIZ ACTIVIDADE -1.727,18

60700000 TRAB.REALIZADOS POR OTRAS ENT. -3.280,00

60700002 SERVICIOS ACTIVIDADES -141.127,43

60700003 SERVICIOS DISEÑOS E INFORMATICO -21.093,99

60700004 SERVICIOS FORMADORES -11.286,21

60700005 GASTOS CAMPAMENTO SAHARA -71.048,00

7. Otros ingresos de la actividad 73.775,10

75900001 INGRESOS VIAJE CAMP SAHARAUI 73.775,10

8. Gastos de personal -97.058,38

64000000 SUELDOS Y SALARIOS -73.611,82

64200000 SEG.SOCIAL A CARGO DE LA ENT. -23.446,56

9. Otros gastos de la actividad -25.768,89

62200000 REPARACIONES Y CONSERVACIÓN -730,84

Cuenta de Pérdidas y Ganancias

Empresa 00600 - FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SO

Página

2

Fecha listado

22/01/2024

Observaciones

Período

De Enero a Diciembre

2023

62200001	RENOVACIONES WEB	-2.647,10
62500000	PRIMAS DE SEGUROS	-1.679,64
62600000	SERV.BANCARIOS Y SIMILARES	-457,40
62700000	PUBLI.PROPAGANDA Y RELAC.PUB.	-2.311,03
62800001	SUMINISTRO TELEFONO E INTERNET	-217,86
62900000	OTROS SERVICIOS	-297,38
62900001	GASTOS MENSAXERIA E CORREOS	-2.106,35
62900002	SERVICIOS ASESORIA FISCAL CONT	-3.014,99
62900003	GASTOS DESPRAZAMENTOS	-3.444,37
62900004	CUOTAS E INSCRIPCIONS	-5.000,00
62900005	SERVIZOS XURIDICOS	-4.138,81
62900006	GASTOS FOTOCOPIAS E REPRODUCCI	-279,02
62900008	MATERIAL DE OFICIÑA E INFORMAT	-344,17
63100001	TASAS OFICIAIS	-567,53
79400000	REVER.DETER.CRÉD.OPER.COMER.	1.467,60
10.	Amortización del inmovilizado	-2.509,59
68000000	AMORT.DEL INMOV.INTANGIBLE	-1.099,32
68100000	AMORT.DEL INMOV.MATERIAL	-1.410,27
11.	Subv,donac,legados capital trasp al exced ej	1.205,24
74540001	SUBV.PROYECTO EUROPEO SUBV.21	1.205,24
14.	Otros resultados	-0,21
67800000	GASTOS EXCEPCIONALES	-0,21
A.1)	EXCED ACTiv(1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+12+13	4.736,26
18.	Diferencias de cambio	-83,64
66800000	DIF.NEGATIVAS DE CAMBIO	-92,61
76800000	DIF.POSITIVAS DE CAMBIO	8,97
A.2)	EXCED OP FINANCIERAS (15+16+17+18+19)	-83,64
A.3)	EXCEDENTE ANTES DE IMPUESTOS (A.1+A.2)	4.652,62
A.4)	VAR.PATR NETO RECONOC EN EL EXCED EJ(A.	4.652,62

LIÑAS ESTRATÉXICAS 2024-2027



INDÍCE

1. PRESENTACIÓN.....	3
2. MISIÓN E VISIÓN	4
3. BALANCE DAS LIÑAS ESTRATÉXICAS 2020-2023.....	6
4. CONTEXTO.....	10
5. OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACCIÓN	13
6. MATRIZ DO PLAN ESTRATÉXICO	17

1. PRESENTACIÓN

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade é unha asociación sen ánimo de lucro de carácter municipalista que agrupa a Concellos e Deputacións de toda Galicia, unidos pola preocupación común de levar adiante iniciativas de cooperación ao desenvolvemento cos países do Sur. Tras 27 anos de andaina, o Fondo Galego suma un total de 104 administracións locais no momento de aprobación das presentes Liñas Estratéxicas.

Co Fondo, todos os concellos e deputacións poden participar no desenvolvemento de accións de cooperación que doutro xeito lles resultarían practicamente inviables. Así mesmo, evita as duplicidades e permite delegar, total ou parcialmente, a xestión da cooperación nunha instancia propiamente municipalista, reforzándose a capacidade das administracións locais galegas para exercitar a cooperación directamente. Deste xeito, aseguramos a súa coherencia global, unha maior eficacia, eficiencia e impacto.

Neste documento quedan reflectidos os obxectivos e estratexias que guiarán as actuacións do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade durante o período 2024-2027. Un período crucial para a entidade no que cumprirá os 30 anos de historia. Deste xeito, iníciase unha nova etapa que consolida os esforzos da entidade nos últimos anos, en aras de traballar cunha mirada a medio prazo e sempre coa intención de mellorar nos procesos e adaptármonos ás peculiaridades e demandas do municipalismo cooperante.

As Liñas Estratéxicas 2024-2027 estrutúranse en 6 obxectivos que resumen de xeito claro e sintético as principais orientacións do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade para os próximos catro anos. Cada un dos obxectivos inclúe liñas de acción para acadalos.

Cómpre remarcar que este documento baséase na firme intención de espallar os valores da solidariedade e os Dereitos Humanos en Galicia, desde unha mirada municipalista, así como contribuír á erradicación da pobreza e desigualdades a nivel global.

Non cabe dúbida de que a sociedade galega está cada vez máis conectada co mundo global e é máis consciente das desigualdades Norte-Sur, polo que o Fondo Galego ten perante si un universo inxente de posibilidades para poder facer chegar a súa mensaxe de defensa dos Dereitos Humanos á poboación, máis alá das novas sensacionalistas ou dunha visión paternalista e neocolonial das poboacións do Sur. A toma de conciencia sobre a nosa responsabilidade como sociedade nas desigualdades a nivel mundial é outra materia que a nosa asociación debe abordar. Os cambios de mentalidade prodúcense lentamente, mais é a única vía para garantir un futuro máis xusto e equitativo a nivel global.

2. MISIÓN E VISIÓN

- MISIÓN

A misión do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade está fixada nos Estatutos da entidade. Estaría definida polas seguintes finalidades:

- a) Contribuír desde o ámbito galego ao desenvolvemento dos países empobrecidos mediante a constitución, administración e xestión dun fondo económico que se constituirá a partir das achegas das entidades asociadas e outras que puidera recibir.
- b) A promoción, financiamento e xestión de proxectos e programas de cooperación ao desenvolvemento e/ou de sensibilización.
- c) Posibilitar unha maior participación das entidades locais nas políticas de cooperación e de solidariedade potenciando a coordinación das mesmas.
- d) Asesorar ás entidades locais en materia de cooperación ao desenvolvemento e de relacións internacionais.
- e) Impulsar a participación da opinión pública e da cidadanía co obxecto de favorecer unha maior comprensión da realidade dos países do Sur, da necesidade dun compromiso ético na loita contra as desigualdades e a prol do establecemento dunha nova orde económica internacional que erradique a pobreza da face do planeta.
- f) Apoiar, e xestionar no seu caso, proxectos e programas que promovan un desenvolvemento sostible nos países en vías de desenvolvemento con criterios de igualdade, de mutua colaboración e respecto ás culturas e ás identidades propias de cada comunidade.
- g) Fomentar as relacións e a colaboración das entidades locais coas ONGD, colectivos de solidariedade e outras institucións ou organismos que compartan idénticos fins, promovendo un intercambio permanente de experiencias.
- h) Procurar que, progresivamente, todas as institucións públicas e privadas que formalicen o seu compromiso con políticas de cooperación ao desenvolvemento destinen un mínimo do 0,7% dos seus respectivos orzamentos para este fin.
- i) Crear un centro de documentación, información e formación que fundamente e proporcione a debida coherencia ás políticas de sensibilización e de cooperación a impulsar dende esta asociación, fomentando o estudo e a investigación en materia de cooperación para o desenvolvemento.
- l) Orientar as políticas de formación de persoal, de capacitación e de profesionalización desde a perspectiva da cooperación descentralizada.

m) Realizar calquera outro obxectivo compatible coas finalidades do Fondo e que non sexa contrario á normativa legal vixente en cada momento.

- **VISIÓN**

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade nace no ano 1997 en resposta ás demandas e ansias de solidariedade da cidadanía galega, que esixía unha maior implicación das administracións locais na contribución da erradicación da pobreza e as desigualdades. Así, o Fondo Galego, recoñecido pola FEGAMP como a axencia da cooperación municipalista en Galicia, pretende conseguir a implicación de todos os concellos e deputacións na construción dun mundo máis xusto e solidario, seguindo os preceptos dos Dereitos Humanos e dos Obxectivos do Desenvolvemento Sostible e propiciando este compromiso como un espazo de encontro das diferentes sensibilidades e forzas políticas con presenza no mundo local.

3. BALANCE DAS LIÑAS ESTRATÉXICAS 2020-2023

Preséntase aquí os resultados do cumprimento dos obxectivos previstos para o período 2020-2023 na área de **FORTALECEMENTO E ACCIÓN INSTITUCIONAL**:

OBXECTIVOS	LIÑAS DE ACCIÓN	INDICADORES	CUMPRIMENTO
OBXECTIVO 1: INCREMENTAR A BASE ASOCIATIVA E A SÚA IMPLICACIÓN EN MATERIA DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO	LIÑA DE ACCIÓN 1.1: CONSEGUIR UN MAIOR NÚMERO DE ENTIDADES SOCIAS	Anualmente adhírense ao Fondo Galego 5 entidades	Só tres entidades se asociaron neste período.
	LIÑA DE ACCIÓN 1.2: REVISIÓN DO SISTEMA DE CÁLCULO DE COTAS PARA ACHEGARNOS AO 0.7 QUE MARCA A ONU	Pechar o período con unha achega do 0,3% sobre os ingresos propios das administracións socias	Si se revisou o sistema de cálculo de cotas pero non se chegou á achega agardada.
OBXECTIVO 2: VISIBILIZAR E FOMENTAR OS PROCESOS DE TRANSPARENCIA DA ASOCIACIÓN	LIÑA DE ACCIÓN 2.1: ELABORACIÓN DE PROTOCOLOS SOBRE ASPECTOS CLAVE DO FUNCIONAMENTO DA ASOCIACIÓN	Anualmente son aprobados protocolos de funcionamento interno en función das necesidades	Aprobáronse as Instrucións de Contratación, as Directrices para configurar a Comisión Executiva e o Protocolo de Cooperación Internacional.
	LIÑA DE ACCIÓN 2.2: REVISIÓN E ACTUALIZACIÓN DOS ESTATUTOS TENDO EN CONTA A LINGUAXE INCLUSIVA E O NOVO CONTEXTO GLOBAL	Os estatutos son revisados e publicados na web de xeito accesible a todas as persoas interesadas	Estatutos actualizados no 2020.
	LIÑA DE ACCIÓN 2.3: FACILITAR A CONSULTA DE INFORMACIÓN ÁS ENTIDADES SOCIAS, ASÍ COMO Á CIDADANÍA EN XERAL	Elaboración dunha nova páxina web que sexa intuitiva e doada para o acceso de información	Elaborada unha nova páxina web.

OBXECTIVO 3: FOMENTO DE ALIANZAS ESTRATÉXICAS	LIÑA DE ACCIÓN 3.1: POTENCIAR O TRABALLO CONXUNTO CON ENTIDADES GALEGAS COMO XUNTA DE GALICIA, IGADI, FEGAMP, MANCOMUNIDADES, COORDINADORA DE ONGD, PARTIDOS POLÍTICOS	Realización de 3 xuntanzas anuais con entidades galegas coas que se poderían establecer dinámicas de colaboración	Só se cumpre no caso da Xunta de Galicia e da FEGAMP, coas que xa había unha traxectoria de colaboración
	LIÑA DE ACCIÓN 3.2: FOMENTAR A PARTICIPACIÓN NA CONFEDERACIÓN DE FONDOS	Asistencia ás reunións técnicas mensuais e asistencia ás Asembleas convocadas	Participación activa na Confederación de Fondos e ostentación da Vicepresidencia.
	LIÑA DE ACCIÓN 3.3: IMPULSO DA REDE DE AUTORIDADES LOCAIS DA LUSOFONÍA POLOS ODS	Elaborado e asinado un protocolo de entendemento para operativizar a rede. Asistencia aos foros anuais que se organicen	Asistencia e organización dos Foros e asinado un memorando de entendemento.
	LIÑA DE ACCIÓN 3.4: PROSPECCIÓN DE NOVOS FINANCIADORES E DIVERSIFICACIÓN DE FONDOS	Participación en convocatorias da UE e/ou conseguidos convenios con entidades	Convenios con 6 administracións locais para apoio a proxectos e actividades.

CONCLUSIÓNS:

- Non acadamos as metas na captación de novos socios, obtendo un resultado moi por debaixo do establecido.
- Necesitamos mellorar na contribución económica a cooperación ao desenvolvemento que se realiza desde as administracións locais, estando en todos os casos moi por debaixo do 0,7%.
- Cumprimento da posta en marcha de procesos de transparencia e rendición de contas.
- Precisamos mellorar no establecemento e consolidación de alianzas estratéxicas para conseguir os obxectivos da entidade.

En canto aos resultados obtidos na área de **SENSIBILIZACIÓN E COMUNICACIÓN**, amósase o grao de cumprimento dos indicadores previstos:

OBXECTIVOS	LIÑAS DE ACCIÓN	INDICADORES	CUMPRIMENTO
OBXECTIVO 4: FORMAR, INFORMAR E VISIBILIZAR SOBRE TEMAS DE SOLIDARIEDADE, DEREITOS HUMANOS E ODS ÁS ADMINISTRACIÓNS LOCAIS GALEGAS	LIÑA DE ACCIÓN 4.1: DESEÑO DE ACTIVIDADES EN CONSONANCIA COAS ÁREAS COMPETENCIAIS E PREOCUPACIÓNS DO MUNICIPALISMO GALEGO	Incluír os ODS nas accións a realizar como eixo transversal	Os ODS son o eixo transversal das diferentes actividades.
	LIÑA DE ACCIÓN 4.2: VINCULAR ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN AOS PROXECTOS FINANCIADOS	A través da convocatoria de proxectos, financiar actividades de sensibilización relacionadas aos proxectos financiados	Actividades coas ONGD con proxectos financiados a través da convocatoria
	LIÑA DE ACCIÓN 4.3: EMPREGANDO AS NOVAS FERRAMENTAS DE COMUNICACIÓN E DESEÑAR ACCIÓNS NOVIDOSAS NO EIDO DA COMUNICACIÓN	Elaborar unha nova estratexia de comunicación. Deseño de actividades novidosas anualmente	Non elaborada estratexia de comunicación pero si posta en marcha actividades novidosas.

CONCLUSIÓNS:

- Aprobado xeral na realización das actividades de sensibilización.
- Precisamos mellorar na área de comunicación e visibilización das actividades e proxectos realizados.

Na área de **COOPERACIÓN INTERNACIONAL AO DESENVOLVEMENTO**, os resultados serían os seguintes:

OBXECTIVOS	LIÑAS DE ACCIÓN	INDICADORES	CUMPRIMENTO
OBXECTIVO 5: ELEVAR A COOPERACIÓN COS PAÍSES DO SUR AO EIXO CENTRAL DE ACTIVIDADE	LIÑA DE ACCIÓN 5.1: LANZAMENTO DE CONVOCATORIAS DE PROXECTOS PARA ONGD CON CARÁCTER BIANUAL	Abertas convocatorias de proxectos para ONGD en dúas anualidades	Abertas convocatorias de proxectos nos anos 2020 e 2022.
	LIÑA DE ACCIÓN 5.2: INCREMENTAR O FINANCIAMENTO E NÚMERO DE PROXECTOS APOIADOS A TRAVÉS DE SOCIOS ESTRATÉXICOS DOUTROS PAÍSES (ASOCIACIÓNS DE MUNICIPIOS, GOBERNOS LOCAIS E REXIONAIS) CONCENTRANDO A ACTIVIDADE NOS PAÍSES PRIORITARIOS PARA O FONDO GALEGO	Apoiar polo menos un proxecto de cooperación anualmente de xeito directo	Apoiados máis de un proxecto anual de xeito directo (entre 2-3 proxectos)
	LIÑA DE ACCIÓN 5.3: REALIZAR MISIÓNS POLÍTICO-TÉCNICAS AOS PROXECTOS DE COOPERACIÓN APOIADOS DE XEITO DIRECTO	Realizar misións de seguimento con carácter bianual	Misión realizada a Mozambique. A Guinea Bissau non puido realizarse debido á situación política.
	LIÑA DE ACCIÓN 5.4: DAR CONTINUIDADE AO PROGRAMA VACACIÓNS CON TRABALLO, COMO UN PROGRAMA DE VOLUNTARIADO E COOPERACIÓN TÉCNICA ENTRE O MUNICIPALISMO GALEGO E DO SUR	Ábrese a convocatoria anual para a participación do persoal das administracións locais galegas neste programa de cooperación e voluntariado	Parón por mor da pandemia nos anos 2020 e 2021, pero relanzamento no 2022 con novo nome e concepto.

CONCLUSIÓNS:

- Aprobado xeral na área de cooperación ao desenvolvemento segundo as metas propostas.
- Necesitamos mellorar no seguimento, planificación e avaliación das accións de cooperación internacional.
- Necesitamos mellorar no alcance e difusión da cooperación técnica.

4. CONTEXTO

A Lei de Cooperación para o Desenvolvemento Sostible e a Solidariedade Global, aprobada o 9 de febreiro de 2023 co voto favorable da gran maioría dos grupos políticos representados no Congreso dos Deputados, recoñece aos Fondos de cooperación, como é o caso do Fondo Galego, como actores clave da cooperación, e reforza o papel dos municipios en materia de cooperación ao desenvolvemento, marcando como folla de ruta os Obxectivos do Desenvolvemento Sostible.

Por tanto, unha nova etapa se abre non só para o sistema da cooperación ao desenvolvemento no conxunto do Estado, senón que supón unha nova oportunidade para que a administración local se sume ao impulso que pretende dar esta norma á solidariedade realizada entre os pobos.

Por outra banda, a Axenda 2030 da ONU, cos seus Obxectivos do Desenvolvemento Sostible, continúa a supoñer un reto para os gobernos estatais e subestatais, movementos e organizacións da sociedade civil e a empresa privada. Máis concretamente, os ODS sinalan aos gobernos locais como entidades clave para garantir a consecución destas metas, o que supón unha grande responsabilidade para os nosos municipios.

Desde o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, ao que pertencen actualmente 104 concellos e tres deputacións, temos dado algúns pasos para propiciar o coñecemento e implantación dos 17 ODS por parte de todas as administracións locais de Galicia, así como a través de actividades de sensibilización dirixidas á cidadanía.

No entanto, cómpre sinalar que o traballo a prol dos ODS no municipalismo galego é aínda moi incipiente, alén das accións que está a promover a Xunta de Galicia, iniciativas que están xurdindo desde algunhas administracións locais así coma outros actores.

Por outra parte, un acontecemento que marcará de facto este novo mandato será a conmemoración do 30 aniversario do Fondo Galego no ano 2027. A cooperación galega e, sobre todo, a cooperación municipalista galega, deberá chegar ao seu aniversario claramente fortalecida e apoiada polo groso das administracións locais.

Con todo este marco, as presentes Liñas Estratéxicas son froito, por unha banda, das aprendizaxes xurdidas da experiencia do Fondo Galego nos últimos tempos, e por outra, dos novos retos que presenta a nosa asociación municipalista no contexto sociopolítico e global actual.

Da análise interna do Fondo Galego remarcamos as seguintes debilidades, fortalezas, ameazas e oportunidades que foron tidas en conta para a elaboración da estratexia:

DEBILIDADES	FORTALEZAS
<ul style="list-style-type: none"> • <u>Escaseza de recursos</u> para ampliar ou incrementar as actividades e proxectos. • <u>Falta de formación</u> e sensibilización dos cargos políticos e persoal técnico dos concellos en materia de cooperación ao desenvolvemento. • <u>Escasa apropiación</u> por parte das e dos responsables políticos sobre a cooperación internacional que leva a cabo o Fondo Galego. • <u>Pouco persoal</u> técnico para desenvolver os programas e proxectos. • <u>Falta de estruturación na área de cooperación internacional</u> para conseguir resultados a catro anos. • <u>Falta de visibilidade</u> do Fondo Galego entre a sociedade e a nivel do conxunto das administracións locais. • <u>Baixo impacto</u> en medios de comunicación. • <u>Resistencia das administracións locais</u> para o financiamento de proxectos de cooperación internacional por mor dos procesos administrativos. 	<ul style="list-style-type: none"> • <u>Consolidación económica</u> e institucional da asociación. • <u>Capacidade para establecer alianzas</u> e relacións de cooperación con outros axentes nacionais ou internacionais, principalmente con ONGD e con gobernos rexionais ou locais, ou asociación dos mesmos, nos países do Sur. • <u>Referente</u> dentro do sistema galego de cooperación, por aglutinar a vontade solidaria internacional do municipalismo galego. • <u>Vantaxe comparativa</u>, no marco do Estado Español, para cooperar con países de lingua oficial portuguesa. • <u>Prestixio</u> a nivel nacional e internacional. • Equipo de traballo reducido pero con <u>experiencia</u>. • Pertenza á <u>Confederación de Fondos</u> de Cooperación e Solidariedade.
AMEAZAS	OPORTUNIDADES
<ul style="list-style-type: none"> • Perda de entidades socias ou non incremento da súa implicación económica e participativa. • Perda ou diminución do convenio de colaboración anual coa Xunta de Galicia. • Pouco interese ou dispoñibilidade horaria do persoal político e técnico dos municipios para accións formativas. • Escaso interese por parte dos medios de comunicación nas temáticas da cooperación internacional e enfoques pouco axeitados. • Dificultade para comunicar temas complexos nun panorama informativo sobreesaturado e marcado pola inmediatez no consumo. • Descoñecemento por parte da sociedade sobre a cooperación internacional (sobre todo a descentralizada) e tendencia a identificala co asistencialismo. 	<ul style="list-style-type: none"> • Ser un referente en Galicia na cooperación con administracións locais ou rexionais de lingua oficial portuguesa. • Consegui o apoio económico e institucional dun maior número de administracións locais en Galicia. • Establecemento de alianzas con outros axentes da cooperación en Galicia para actividades na nosa comunidade ou no exterior. • A vixente de Lei de cooperación a nivel estatal, que sinala ás administracións locais como actores da cooperación ao desenvolvemento. • Diferentes liñas de apoio á implementación da Axenda 2030 no eido local. • Espazos de traballo en rede creados pola Confederación de Fondos e outras entidades. • As redes sociais permiten transmitir a información de maneira directa e instantánea. • Crecente importancia/necesidade dunha educación para a cidadanía global.

5. OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACCIÓN

ÁREA DE FORTALECIMENTO INTERNO

OBXECTIVO 1: INCREMENTAR A BASE ASOCIATIVA

LIÑA DE ACCIÓN 1.1: CONSECUCIÓN DUN MAIOR NÚMERO DE ENTIDADES SOCIAS.

Para o fortalecemento da asociación resulta crucial incrementar o número de entidades socias, o que supón darnos a coñecer a concellos que aínda non forman parte da asociación.

Indicador: Ao final do mandato increméntase o número de entidades socias nun 20%, o que suporía a adhesión dunha media de 5 concellos ao ano.

OBXECTIVO 2: INCREMENTAR A CAPACIDADE ORZAMENTARIA DA ENTIDADE

LIÑA DE ACCIÓN 2.1: INCREMENTAR OS IMPORTES ACHEGADOS NAS COTAS PARA ACHEGARNOS AO 0.7% QUE MARCA A ONU.

Se ben no período anterior se produciu a reforma do sistema do cálculo das cotas, que se establece en función dos ingresos correntes que quedan reflectidos nos orzamentos municipais, a achega ao inicio deste mandato é do 0,01% sobre esta cantidade. Moi lonxe aínda do 0,7% que se marca a nivel internacional.

Por tanto, sendo conscientes da realidade e contexto actual, preséntase como estratexia o incremento dos importes achegados á cooperación, ata chegar ao 0,02% ao final do mandato.

Indicador: O período péchase cun incremento no importe das cotas dun 0,01%.

LIÑA DE ACCIÓN 2.3: PROSPECCIÓN DE NOVOS FINANCIADORES

Nas ansias por incrementar o volume de proxectos e actividades a realizar, propónse para este mandato a diversificación de fontes de financiamento. A nivel estatal, a través da Confederación de Fondos, resulta clave afianzar a alianza coa Axencia Española de Cooperación Internacional ao Desenvolvemento. Así mesmo, dentro do noso propio territorio, procuraríase dinamizar ás administracións locais para a apropiación e financiación de iniciativas concretas no ámbito da cooperación internacional.

Indicador: Increméntase o número de concellos e deputacións que financian proxectos do Fondo Galego.

OBXECTIVO 3: FORMAR AO CORPO POLÍTICO E TÉCNICO MUNICIPAL EN DIFERENTES TEMAS DA COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO E ODS

LIÑA DE ACCIÓN 1.3: REALIZAR ACCIÓNS FORMATIVAS SOBRE DIFERENTES CUESTIÓNS DA COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO E ODS.

Tratarase de que as formacións versen sobre temas de actualidade e sexan dinámicas e atractivas, podendo realizarse de xeito presencial ou online.

Indicador: Anualmente é realizada unha formación dirixida ao municipalismo galego.

ÁREA DE ACCIÓN INSTITUCIONAL

OBXECTIVO 4: FOMENTAR AS ALIANZAS ESTRATÉXICAS

LIÑA DE ACCIÓN 4.1: PARTICIPACIÓN NAS REDES ÁS QUE PERTENCE O FONDO GALEGO

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade ocupa novamente a Vicepresidencia na Confederación de Fondos de Cooperación e Solidariedade, entidade que agrupa aos nove Fondos existentes a nivel estatal. A unión e traballo conxunto dos Fondos resulta crucial para a defensa e visibilización da cooperación municipalista.

En canto á Rede de Autoridades Locais da Lusofonía polos ODS, entidade creada de xeito informal na que participan administracións locais e rexionais da meirande parte dos países lusófonos, cómpre dotala dunhas liñas de traballo continuo, así como de un órgano de dirección.

Indicadores: Durante o mandato, o Fondo Galego acolle unha actividade da Confederación de Fondos no noso territorio. Ao final do mandato, a Rede de Autoridades Locais da Lusofonía polos ODS posúe un órgano de dirección no que participa o Fondo Galego.

LIÑA DE ACCIÓN 4.2: POTENCIAR O DIÁLOGO E SINERXÍAS COA FEGAMP.

A FEGAMP é a entidade que agrupa a todas as administracións locais de Galicia. Para reforzar o apoio que esta vén ofrecendo ao Fondo Galego desde o seu inicio, cómpre actualizar o convenio de colaboración entre ambas entidades para reforzar a visibilidade do Fondo Galego entre o municipalismo.

Indicador: É asinado un novo convenio de colaboración coa FEGAMP.

ÁREA DE SENSIBILIZACIÓN PARA A CIDADANÍA GLOBAL E COMUNICACIÓN

OBXECTIVO 5: SENSIBILIZAR SOBRE TEMAS DE SOLIDARIEDADE, DEREITOS HUMANOS E ODS ÁS ADMINISTRACIÓNIS LOCAIS GALEGAS.

LIÑA DE ACCIÓN 5.1: IMPULSAR ACTIVIDADES DE TIPO CULTURAL OU FORMATIVO PARA ESPALLAR OS VALORES DA SOLIDARIEDADE E DEREITOS HUMANOS.

Neste mandato a educación para a cidadanía global volve ocupar un posto de máxima relevancia conscientes do interese que estas actividades suscitan nos concellos e deputacións, así como do seu grande potencial para a transformación social. Así, poranse a disposición das entidades socias novidosas actividades para sensibilizar a un número de persoas cada vez maior en diferentes temáticas vinculadas coa solidariedade internacional, a paz, os Dereitos Humanos e os ODS.

Indicador: Anualmente, un mínimo de 20 concellos e deputacións acollen actividades promovidas polo Fondo Galego.

LIÑA DE ACCIÓN 5.2: PROMOVER O DIÁLOGO E INTERCAMBIO ENTRE O MUNICIPALISMO GALEGO E O MUNICIPALISMO DO SUR.

Para promover o coñecemento e sensibilización do municipalismo galego en relación ao contexto noutros países, será promovidas iniciativas que procuren o encontro con representantes dos países do Sur, a escoita activa e a reflexión, principalmente das persoas que ocupan cargos electos das administracións locais.

Indicador: Anualmente é realizada unha actividade que procure o encontro e diálogo entre cargos electos de Galicia e do Sur.

LIÑA DE ACCIÓN 5.3: EMPREGO DAS NOVAS FERRAMENTAS DE COMUNICACIÓN E DESEÑO DE ACCIÓNS NOVIDOSAS NO EIDO DA COMUNICACIÓN

Dada a necesidade de achegarse máis e mellor á cidadanía e ao propio mundo municipal, reforzando as accións informativas, cómpre deseñar un novo plan de comunicación para o presente período, que poida dar conta dos obxectivos marcados neste eido. Tras os logros acadados nos últimos anos, cómpre outorgar a esta área de traballo, fortemente vinculada á sensibilización e ao posicionamento do Fondo Galego como entidade de referencia no sector da cooperación en Galicia, un lugar destacado, en consonancia cos novos tempos e as novas canles de comunicación habilitadas.

Indicador: Elabórase unha nova estratexia de comunicación que se materializa nos plans anuais.

ÁREA DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL

OBXECTIVO 6: MELLORAR A CALIDADE E IMPACTO DAS ACCIÓNS DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL AO DESENVOLVEMENTO.

LIÑA DE ACCIÓN 6.1: IMPULSO DE PROGRAMAS.

Tras a experiencia acumulada, conclúese a necesidade de mellorar a calidade na xestión dos proxectos de cooperación internacional ao desenvolvemento para conseguir un maior impacto e manter unha liña continuada de traballo. Así, a aposta sería apoiar programas de cooperación de tres a catro anos de execución, no canto de impulsar diferentes proxectos cada ano, para obter así un maior impacto e eficiencia da nosa cooperación e incrementar o coñecemento e coordinación no traballo cos parceiros.

Para desenvolver os programas sería imprescindible completar o ciclo do proxecto, acompañando todas as fases (identificación, formulación, execución, control e avaliación) e misións periódicas de seguimento a terreo. Poderán requirirse asistencias técnicas por parte do persoal técnico dos concellos e deputacións.

Indicador: No presente mandato son impulsados, cando menos, dous programas de cooperación internacional. No presente mandato son impulsadas, como mínimo, dúas misións de seguimento aos proxectos apoiados.

LIÑA DE ACCIÓN 6.2: FOMENTO DA COOPERACIÓN TÉCNICA A TRAVÉS DO PROGRAMA ESPECIALISTAS EN COOPERAR.

Especialistas en Cooperar é un programa de cooperación técnica e sensibilización dirixido fundamentalmente ao persoal técnico dos concellos e deputacións socias do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, partindo da base de que o *know how* das administracións locais é unha das ferramentas máis potentes e específicas do municipalismo que coopera. O programa leva funcionando desde o ano 2006 e é un dos programas de maior recoñecemento da entidade.

Indicador: Ábrense convocatorias anuais para a participación do persoal das administracións locais galegas neste programa de cooperación.

LIÑA DE ACCIÓN 6.3: LANZAMENTO DE CONVOCATORIAS DE PROXECTOS PARA ONGD CON CARÁCTER BIANUAL

Tal e como vén sendo habitual, propónse continuar impulsando a convocatoria de proxectos para ONGD galegas ou con sede en Galicia. Mais, para este mandato, inclúese o factor da previsibilidade. Deste xeito, lanzaranse convocatorias de proxectos nos anos 2024 e 2026. Na xestión da convocatoria faise partícipe á Coordinadora Galega de ONGD que, como entidade experta, fai as súas achegas ás bases propostas polo Fondo Galego e contribúe a que estas sexan xestionadas da forma máis favorecedora para as ONGD.

Indicador: Ábrense convocatorias de proxectos para ONGD en dúas anualidades.

1. 6. MATRIZ DO PLAN ESTRATÉXICO

ÁREA	OBXECTIVOS	LIÑAS DE ACCIÓN	INDICADORES	CRONOGRAMA			
				2024	2025	2026	2027
FORTALECEMENTO INTERNO	OBXECTIVO 1: INCREMENTAR A BASE ASOCIATIVA	LIÑA DE ACCIÓN 1.1: CONSECUCIÓN DUN MAIOR NÚMERO DE ENTIDADES SOCIAS.	Ao final do mandato incrementábase o número de entidades socias nun 20%.	X	X	X	X
	OBXECTIVO 2: INCREMENTAR A CAPACIDADE ORZAMENTARIA DA ENTIDADE	LIÑA DE ACCIÓN 2.1: INCREMENTAR OS IMPORTES ACHEGADOS NAS COTAS PARA ACHEGARNOS AO 0.7% QUE MARCA A ONU.	O período péchase cun incremento no importe das cotas dun 0,01%.				X
		LIÑA DE ACCIÓN 2.3: PROSPECCIÓN DE NOVOS FINANCIADORES	Incrementábase o orzamento anual nun 5%.	X	X	X	X
	OBXECTIVO 3: FORMAR AO CORPO POLÍTICO E TÉCNICO MUNICIPAL EN DIFERENTES TEMAS DA COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO E ODS	LIÑA DE ACCIÓN 1.3: REALIZAR ACCIÓNS FORMATIVAS SOBRE DIFERENTES CUESTIÓNS DA COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO E ODS.	Anualmente é realizada unha formación dirixida ao municipalismo galego.	X	X	X	X
ACCIÓN INSTITUCIONAL	OBXECTIVO 4: FOMENTAR AS ALIANZAS ESTRATÉXICAS	LIÑA DE ACCIÓN 4.1: PARTICIPACIÓN NAS REDES ÁS QUE PERTENCE O FONDO GALEGO	Durante o mandato, o Fondo Galego acolle unha actividade da Confederación de Fondos no noso territorio. Ao final do mandato, a Rede de Autoridades Locais da Lusofonía polos ODS posúe un órgano de dirección no que participa o Fondo Galego.			X	X
		LIÑA DE ACCIÓN 4.2: POTENCIAR O DIÁLOGO COA FEGAMP.	Durante o mandato é asinado un novo convenio coa FEGAMP.	X			
SENSIBILIZACIÓN PARA A CIDADANÍA	OBXECTIVO 5: SENSIBILIZAR SOBRE TEMAS DE	LIÑA DE ACCIÓN 5.1: IMPULSAR ACTIVIDADES DE TIPO CULTURAL	Anualmente, un mínimo de 20 concellos e deputacións acollen actividades	X	X	X	X

GLOBAL E COMUNICACIÓN	SOLIDARIEDADE, DEREITOS HUMANOS E ODS ÁS ADMINISTRACIÓNS LOCAIS GALEGAS.	OU FORMATIVO PARA ESPALLAR OS VALORES DA SOLIDARIEDADE E DEREITOS HUMANOS.	promovidas polo Fondo Galego.				
		LIÑA DE ACCIÓN 5.2: PROMOVER O DIÁLOGO E INTERCAMBIO ENTRE O MUNICIPALISMO GALEGO E O MUNICIPALISMO DO SUR.	Anualmente é realizada unha actividade que procure o encontro e diálogo entre cargos electos de Galicia e do Sur.	X	X	X	X
		LIÑA DE ACCIÓN 5.3: EMPREGO DAS NOVAS FERRAMENTAS DE COMUNICACIÓN E DESEÑO DE ACCIÓNS NOVIDOSAS NO EIDO DA COMUNICACIÓN	Elabórase unha nova estratexia de comunicación que se materializa nos plans anuais.	X			
COOPERACIÓN INTERNACIONAL	OBXECTIVO 6: MELLORAR A CALIDADE E IMPACTO DAS ACCIÓNS DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL AO DESENVOLVEMENTO.	LIÑA DE ACCIÓN 6.1: IMPULSO DE PROGRAMAS.	No presente mandato son impulsados, cando menos, dous programas de cooperación internacional. No presente mandato son impulsadas, como mínimo, dúas misións de seguimento aos proxectos apoiados.	X	X	X	X
		LIÑA DE ACCIÓN 6.2: FOMENTO DA COOPERACIÓN TÉCNICA A TRAVÉS DO PROGRAMA ESPECIALISTAS EN COOPERAR.	Ábrense convocatorias anuais para a participación do persoal das administracións locais galegas neste programa de cooperación.	X	X	X	X
		LIÑA DE ACCIÓN 6.3: LANZAMENTO DE CONVOCATORIAS DE PROXECTOS PARA ONGD CON CARÁCTER BIANUAL	Ábrense convocatorias de proxectos para ONGD en dúas anualidades.	X		X	

PLAN DE ACTIVIDADES 2024

**FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E
SOLIDARIEDADE**



ÍNDICE

1. PLAN DE FORTALECEMENTO
2. PLAN DE ACCIÓN INSTITUCIONAL
3. PLAN SENSIBILIZACIÓN E COMUNICACIÓN
4. PLAN PROXECTOS DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL
5. ORZAMENTO

1. PLAN DE FORTALECIMENTO E ACCIÓN INSTITUCIONAL

OBXECTIVO: INCREMENTAR A BASE ASOCIATIVA

ACTIVIDADE 1: Campaña de captación e sensibilización das administracións locais

A estratexia a seguir no 2024 para conseguir a adhesión de novos concellos ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, será a de achegarnos a un maior número de administracións locais que aínda non coñecen o labor do Fondo Galego, a través de reunións a nivel provincial. A estas reunións serán convocadas as administracións locais non socias co obxectivo de dar a coñecer o Fondo Galego e animálas a formar parte do mesmo, mais tamén para dar a coñecer a importancia da cooperación ao desenvolvemento desde o ámbito local e a implementación da Axenda 2030.

Contaremos, para iso, co apoio dos concellos e deputacións que, sendo socias do Fondo Galego, quixeran contribuír con esta tarefa de sensibilización. Estímase que serán realizadas 6 reunións deste tipo, distribuídas entre as catro provincias.

Orzamento: 1.500,00€

Petiscos: 1.000,00€

Desprazamento para as reunións: 500,00 €

OBXECTIVO: FORMAR AO CORPO POLÍTICO E TÉCNICO MUNICIPAL EN DIFERENTES TEMAS DA COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO E ODS

ACTIVIDADE 2: Obradoiros sobre os ODS (8 obradoiros).

Nesta anualidade van ter lugar oito obradoiros sobre a localización dos ODS a nivel local, dous por provincia. Os obradoiros van dirixidos a todo o persoal técnico e político das administracións locais de Galicia que queiran profundizar os seus coñecementos sobre a Axenda 2030 e como implementar eses obxectivos nos seus municipios.

A primeira formación terá lugar en Teo o 28 de febreiro e xa están reservadas tamén as datas do 12 ao 18 de marzo no Barco de Valdeorras, Deputación de Lugo, Viveiro, Covelo e Deputación de Pontevedra. En Fene terá lugar o 26 de abril e un último obradoiro será realizado na provincia de Ourense, aínda pendente de fixar lugar e data.

Orzamento: 11.916,59€. Financiada polo programa DEAR da UE.

OBXECTIVO: FOMENTAR AS ALIANZAS ESTRATÉXICAS

ACTIVIDADE 3: Manter un papel dinámico dentro da Confederación de Fondos e da Rede de Autoridades Locais da Lusofonía polos ODS.

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade volve a ocupar a Vicepresidencia da Confederación de Fondos. Así se acordou na Asemblea Xeral desta entidade celebrada o 6 de marzo na cidade de Barcelona. A unión e traballo conxunto dos nove Fondos existentes a nivel estatal resulta crucial para a defensa da cooperación municipalista. Así mesmo, desde a Confederación son promovidas actividades conxuntas de interese para

a cooperación municipalista, así como nos beneficiamos das subvencións da Axencia Española de Cooperación Internacional ao Desenvolvemento (AECID) que se canalizan a través da mesma para os diferentes Fondos de Cooperación.

Orzamento: 6.500,00 €

Cota 2024: 3.500,00€.

Gastos de viaxes e aloxamento para participación en reunións de coordinación:
3.000,00€.

ACTIVIDADE 4: Renovar a relación de colaboración coa FEGAMP para poder realizar actividades conxuntas.

O Fondo Galego mantén unha relación de colaboración coa FEGAMP desde o ano 1998, que se materializou a través da sinatura de convenios entre as partes. O último con data do ano 2014. Por tanto, co obxectivo de procurar mellorar a sinerxía entre as partes, buscarase actualizar e renovar a alianza entre ambas asociacións municipalistas para favorecer a consecución dos obxectivos de ambas entidades.

Orzamento: 0,00€. Incluído da partida de persoal e desprazamentos.

2. PLAN DE SENSIBILIZACIÓN E COMUNICACIÓN

OBXECTIVO: SENSIBILIZAR SOBRE TEMAS DE SOLIDARIEDADE, DEREITOS HUMANOS E ODS ÁS ADMINISTRACIÓNS LOCAIS GALEGAS.

ACTIVIDADE 5: Actividades das ONGD, Amigos da Terra, Solidariedade Internacional, Fundación Mozambique Sur e Asemblea de Cooperación pola Paz.

Contaremos con actividades promovidas polas ONGD Amigos da Terra, Solidariedade Internacional, Fundación Mozambique Sur e Asemblea de Cooperación pola Paz, para ser realizadas nun total de 12 concellos.

As actividades parten dun compromiso previo adquirido, tras ser as entidades beneficiarias na convocatoria de proxectos de cooperación internacional impulsada polo Fondo Galego no ano 2022. As accións están relacionadas cos proxectos aprobados, co obxectivo de sensibilizar á cidadanía sobre as desigualdades a nivel global.

Descríbimos cada unha delas:

- Actividade impulsada por Asemblea de Cooperación pola Paz

Cinefórum “En deuda con todas”. A loita pola despenalización do aborto no Salvador.

Número de concellos beneficiarios: 5

Datas de realización: de xuño a novembro

Partindo da proxección do documental *En deuda con todas*, onde se aborda a vulneración dos dereitos sexuais e reprodutivos no Salvador por parte do Estado e a loita do movemento feminista salvadoreño para esixir a súa consecución baixo un novo marco legislativo que non sexa punitivista, xérase un espazo de reflexión sobre a necesidade de visibilizar os dereitos sexuais e reprodutivos e o papel que temos todas as persoas en que se cumbran.

O formato que se empregará é a visualización do documental seguido dun espazo de reflexión a posteriori no que se fará uso dunha metodoloxía participativa no que a través de preguntas, palabras e imaxes claves se vai xerando unha discusión sobre os dereitos sexuais e reprodutivos e a importancia da súa consecución para garantir vidas libres e seguras.

- Actividade impulsada por Amigas da Terra

RestaurAcción! Recuperando o territorio dende as comunidades.

Número de concellos beneficiarios: 1

Datas de realización: de xuño a decembro.

Conectar as realidades de Galicia e Nicaragua, poñendo en valor a xestión comunitaria dos recursos naturais é o obxectivo desta actividade, que fará fincapé na importancia da

conservación da natureza e os beneficios sociais e ambientais da racionalización da actividade produtiva.

A proposta de actividade contén tres actuacións complementarias:

- Organización dun webinario sobre boas prácticas de restauración ecolóxica protagonizadas por axentes clave de Galicia e Nicaragua.
 - Celebración dunha xornada de restauración ecolóxica en colaboración coa Mancomunidade Veciñal de Montes en Man Común (MVMC) de Froxán, Lousame (A Coruña).
 - Elaboración dun vídeo divulgativo e pequenas pezas audiovisuais para campaña en redes sociais. Esta campaña terá como obxectivo principal sensibilizar sobre as prácticas restaurativas para dar a coñecer á cidadanía a importancia da restauración ambiental.
-
- Actividade impulsada por Fundación Mozambique Sur

Tendendo pontes entre o sur de Mozambique e Galicia.

Número de concellos beneficiarios: 3

Datas de realización: todo o ano.

A actividade consiste en facer presentacións para achegar a realidade do medio rural de Mozambique á poboación dos concellos. Así mesmo, acompañarase a presentación da emisión do vídeo “Vida de dúas irmás”, que versa sobre como é a vida de dúas nenas pequenas, irmás, nunha aldea do medio rural do sur de Mozambique, desde que se levantan ata que se deitan. Tras a presentación orixinarase un debate. Por último, a exposición será complementada cunha pequena actuación de monicreques ou contacontos de temática africana.

- Actividade impulsada por Solidariedade Internacional de Galicia.

Cine e cooperación. Unha ventá ao mundo.

Número de concellos beneficiarios: 3

Datas de realización: todo o ano.

A actividade consiste en realizar unha sesión de cine na rúa en cada un dos concellos seleccionados nos que se proxectarán unha serie de curtametraxes a partir das cales, posteriormente, se xerará un coloquio. Despois da visualización das curtas escollidas as persoas asistentes contarán cun tempo de coloquio para comentalas e facer preguntas. As curtametraxes estarán vencelladas a temáticas como a soberanía alimentaria, a seguridade e hixiene alimentarias ou o dereito a unha vivenda digna.

Orzamento: 12.000,00€

ACTIVIDADE 6: Teatro sobre a poboación refuxiada (14 pases).

Vía Morta (compañía Culturactiva Producións e Pallasos en Rebeldía) pretende ser, máis que un espectáculo teatral, unha experiencia a través do teatro. Unha montaxe teatral que pretende traer a realidade das persoas refuxiadas ao público de Galicia a través dunha proposta que converte ao espectador nun refuxiado máis.

A obra denuncia a traxedia que as políticas migratorias da UE están a provocar. Este espectáculo fálanos sobre a triste situación dos millóns de refuxiados e refuxiadas aos que, aínda hoxe, a Unión Europea pecha as súas portas.

O espectáculo é válido para público en xeral e tamén para representacións escolares.

Complementariamente, haberá unha charla-debate posterior ás actuacións e unha exposición fotográfica da asociación Pallasos en Rebeldía no Campo de Refuxiados de Idomeni.

Serán catorce concellos os que poderán beneficiarse desta representación teatral xunto coas actividades complementarias.

Orzamento: 19.880,00€. Financiada a través do convenio coa Xunta de Galicia.

Cofinanciación obrigatoria de 1.000,00€ de cada concello beneficiario.

ACTIVIDADE 7: Axenda 2025.

As axendas son un material de papelería case imprescindibles para o persoal técnico e político das administracións locais. Polo tanto, o Fondo Galego promoverá a elaboración dunha axenda propia, elaborada con materiais reciclados e na que se destaquen as datas relativas á solidariedade e Dereitos Humanos.

Orzamento: 6.600,00€.

ACTIVIDADE 8: Encontro Internacional “As Elixidas”.

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade fomenta o intercambio de ideas e experiencias entre o Sur e o Norte para mellorar a Gobernanza Local e incorporar un enfoque de xénero na democracia local. Neste sentido, celebrarase un encontro internacional de mulleres electas seguindo o seu compromiso coa Axenda 2030 e en especial coa meta 5.5: “Asegurar a participación plena e efectiva das mulleres e a igualdade de oportunidades de liderado a todos os niveis decisorios na vida política, económica e pública”.

A participación e o liderado equitativos de xénero na vida política e pública son esenciais para lograr os ODS da Axenda 2030 (especialmente o ODS 5). Con todo, os datos mostran que as mulleres teñen un baixo grao de representación en todos os ámbitos de toma de decisións na esfera mundial de maneira que estamos lonxe de lograr a paridade de xénero na vida política. Os datos de 133 países mostran que as mulleres representan o 36% dos membros elixidos no ámbito local. Tamén hai variacións rexionais en canto a

esta representación: á beira do 35% de Europa e América do Norte, África subsahariana presenta un 29%, África do Norte un 18% e América Latina e o Caribe un 25%.

Por iso convidamos a mulleres electas do ámbito municipal a visibilizar a súa participación na toma de decisións e crear lazos e redes de colaboración. O evento terá lugar na cidade da Coruña na segunda metade do ano.

Orzamento: 29.473,74€

ACTIVIDADE 9: Concursos de murais en 8 concellos.

A escaseza e a contaminación da auga centrarán a segunda edición do Concurso de Murais 'People & Planet', aberta ata o 20 de marzo. Unha viaxe sustentable a Cabo Verde será o premio para ás autoras ou autores das catro obras que mellor ilustren o Obxectivo de Desenvolvemento Sostible número 6, que chama a "garantir a dispoñibilidade de auga e a súa xestión sustentable e o saneamento para todas as persoas". As propostas faranse realidade en muros de Moeche, Poio, Verín e Viveiro, concellos socios do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, que convoca este certame cofinanciado polo programa DEAR da Unión Europea.

Cada artista ganador/a terá ocasión de presentar a súa proposta ante un grupo de xente nova do municipio correspondente, escoitando á súa vez as ideas da mocidade e mesmo convidándoa a sumarse ao pintado nalgunha das fases do mural. Impúlsase así un *artivismo* que pon en valor o potencial transformador da creación artística, promovendo o pensamento crítico e reivindicando un cambio social.

Orzamento: 31.223,71€. Financiada a través do programa DEAR da UE.

ACTIVIDADE 10: Elaboración dunha estratexia de comunicación.

Será elaborada unha nova estratexia de comunicación orientada ás novas ferramentas comunicativas, co obxectivo de espallar a mensaxe de Dereitos Humanos, solidariedade e cooperación internacional a un maior número de persoas en Galicia.

Orzamento: 0,00€. Incluído en gastos de persoal.

OUTRAS ACTIVIDADES DENTRO DO PROXECTO PEOPLE AND PLANET QUE CONTINUÁN A SÚA EXECUCIÓN NESTE ÚLTIMO ANO DO PROXECTO

ACTIVIDADE: Accións de rúa

Comunicación de guerrilla: O espazo público adoita ser o escenario desta técnica comunicativa nada convencional, que subverte a linguaxe da publicidade para chamar a atención sobre determinadas problemáticas, podendo utilizar o mobiliario urbano ao seu favor. Transgresora, aínda que non necesariamente molesta e a miúdo divertida, a

comunicación de guerrilla emprega o enxeño e a creatividade para acadar maior impacto e provocar a reflexión.

Orzamento: 2.191,45 €

ACTIVIDADE: Consello climático xuvenil

A implicación directa da mocidade nos problemas ambientais do concello e na súa resolución é chave neste proxecto, polo que en maio de 2021 catro municipios puxeron en marcha cadanseu consello integrado por mozas e mozos de entre 15 e 34 anos que asesorarán ao goberno local nesta materia. Persoal especializado encargárase de dinamizar as xuntanzas mensuais, propoñendo un tema de debate e recollendo ideas sobre estilos de vida sostibles. Representantes destes concellos participarán, nesta anualidade, nun campamento de mocidade europea en Lisboa para elaborar unha guía ao respecto. A actividade é financiada polo programa DEAR da Unión Europea.

Orzamento: 13.281,71 €

ACTIVIDADE: Apagón ambiental

En liña con outras iniciativas que nos convidan a apagar as luces das casas para conmemorar algunha efeméride medioambiental, propónse que a Casa do Concello ou outro monumento emblemático do municipio quede sen iluminación, a unha hora concreta, coincidindo co Día Mundial do Medio Ambiente, o 5 de xuño. Preténdese así chamar a atención sobre a crise climática e a importancia de implicarse na defensa ecolóxica.

Orzamento: incluídos nos gastos de funcionamento.

3. PLAN ÁREA DE PROXECTOS DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO

OBXECTIVO 6: MELLORAR A CALIDADE E IMPACTO DAS ACCIÓNS DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL AO DESENVOLVEMENTO.

ACTIVIDADE 11: Proxectos de cooperación directa.

Dando continuidade á razón de ser do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, continuarase apoiando directamente iniciativas de cooperación nos países do Sur cos que xa existe unha traxectoria de traballo.

Resérvase unha cantidade para axuda humanitaria, fundamentalmente para paliar as consecuencias das crises derivadas de catástrofes naturais ou humanitarias.

Orzamento: 99.632,50 €

ACTIVIDADE 12: Convocatoria de proxectos para ONGD

No mes de decembro será aberta a convocatoria de proxectos para ONGD, na que as entidades poderán presentar as súas solicitudes para que o Fondo Galego financie os proxectos de cooperación ao desenvolvemento impulsados por estas entidades.

A convocatoria estará dotada con cargo ao orzamento 2025, cunha cifra aínda por determinar.

Orzamento: 0,00€. Incluída en gastos de persoal.

ACTIVIDADE 13: Especialistas en Cooperar.

Especialistas en Cooperar é un programa de cooperación técnica dirixido fundamentalmente ao persoal dos concellos e deputacións de Galicia, partindo da base de que o know how das administracións locais é unha das ferramentas máis potentes e específicas da cooperación internacional ao desenvolvemento que se practica desde o municipalismo.

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade leva impulsando a cooperación técnica desde o ano 2005 a través do antigo programa Vacacións con Traballo, só interrompido nos anos 2020 e 2021 a causa da pandemia global ocasionada polo impacto da COVID-19. Até hoxe, viaxaron a través do mesmo 50 persoas, que xenerosamente, desprazáronse aos países onde o Fondo Galego viña apoiando proxectos de cooperación internacional ao desenvolvemento, como Nicaragua, Cabo Verde, Mozambique, Cuba e Perú, contribuíndo así á mellora da calidade de vida da poboación e xerando fluxos de coñecemento compartido.

No 2024, este programa dá un paso máis alá na súa maduración e consolidación como un programa de referencia a nivel estatal en canto á cooperación técnica, e fuxindo das actuacións de carácter illado. Por tanto, foron formuladas dúas propostas a catro anos nas que o persoal técnico municipal galego poderá ofrecer os seus coñecementos a

través de asistencias técnicas nos países de execución.

As asistencia técnicas en terreo poderán realizarse ata marzo de 2025.

O programa vai participar en dous países:

Cabo Verde: Apoio ao Desenvolvemento Económico Local sustentable e participativo no municipio de Tarrafal.

Dúas persoas técnicas expertas en desenvolvemento local de Galicia serán seleccionadas, para realizar unha estancia de entre tres semanas e un mes de duración para dar apoio ao municipio de Tarrafal, concretamente no relativo ao desenvolvemento agrícola.

Previamente terá lugar unha misión dunha semana de duración (sete días de traballo efectivos) de dous representantes do municipio de Tarrafal a Galicia (un técnico e un cargo electo) para coñecer experiencias exitosas no ámbito do desenvolvemento económico local (e rural) en Galicia. Esta primeira fase do proxecto servirá tamén para manter un primeiro encontro coas dúas persoas expertas da administración local de Galicia que farán o seu traballo de cooperación técnica en Tarrafal, para poder orientar e definir máis en concreto a súa axenda de traballo.

Mozambique: Apoio á sustentabilidade e xestión financeira dos municipios de Manhiça e Namaacha (provincia de Maputo)

A través da convocatoria serán seleccionadas dúas persoas do ámbito municipal, expertas en finanzas municipais, para realizar unha estancia de entre tres semanas e un mes de duración para dar apoio aos municipios de Manhiça e Namaacha na área da xestión financeira municipal, concretamente no relativo á cobranza de impostos e taxas.

Orzamento: 35.276,07 €. Financiado pola Axencia Española de Cooperación

Internacional para o Desenvolvemento (AECID). Goberno de España.

ACTIVIDADE 14: Misións de seguimento a Guinea Bissau e a Mozambique.

Serán realizadas dúas visitas a proxectos de cooperación en marcha ou recentemente rematados en Mozambique e Guinea Bissau. Alén de facer seguimento e avaliación técnica dos proxectos, farase fincapé no fortalecemento da relación institucional cos parceiros locais para definir o plan de actuación para os próximos catro anos. Participarán nesta visita representantes da Comisión Executiva do Fondo Galego xunto co persoal técnico da asociación.

Orzamento: 10.300,00€.

ACTIVIDADE 15: Apoio ao Programa de acollida temporal a mulleres defensoras de Dereitos Humanos “Galicia Abriga”.

Defender a quen defende é o obxectivo do primeiro Programa Galego de Acollida Temporal a mulleres defensoras de Dereitos Humanos que bota a andar en Galicia este mes de xaneiro.

Galicia Abriga está pensado para que mulleres de organizacións e movementos sociais de países nos que a Cooperación Galega ten presenza poidan saír temporalmente do contexto de risco físico e psicolóxico no que se atopan debido ao seu labor como defensoras de dereitos humanos. A Coordinadora Galega de ONGD é a impulsora deste novo proxecto, que bebe dos xa existentes en Asturias, País Vasco ou Comunidade Valenciana.

Este é un proxecto que ten como obxectivo fortalecer á sociedade civil dos países de orixe, dándolle un respiro ás activistas, ofrecéndolles o noso abrigo e seguridade en Galicia durante un tempo, onde se recuperarán psicolóxicamente e terán oportunidade de descansar, para despois voltar aos seus países con forzas renovadas.

Una das características máis salientable deste programa é o numeroso respaldo que ten de todo o sector da cooperación galega, que xunto co Fondo Galego de Cooperación e as tres universidades galegas conformarán o grupo de apoio, ofrecendo recursos e asesoría. Agárdase que as mulleres cheguen a Galicia entre abril e maio deste ano, para retornar aos seus países de orixe no verán.

Orzamento: 5.000,00€

ORZAMENTO 2024

INGRESOS	IMPORTE	
Cotas entidades socias 2024	209.104,31 €	
Convenio Xunta de Galicia	60.000,00 €	
Programa DEAR da UE	33.520,42 €	
Axencia Española de Cooperación Internacional ao Desenvolvemento	29.237,53 €	
Convenio co Concello da Coruña	20.022,79 €	
Convenio co Concello de Narón	11.000,00 €	
Convenio co Concello de Nigrán	30.000,00 €	
TOTAL INGRESOS	392.885,05 €	
GASTOS	IMPORTE	
GASTOS ÁREA FUNCIONAMENTO	46.544,86 €	11,85%
Gastos persoal (1)	34.010,16 €	
Correos, teléfono, internet, web, mensaxería, papelería, etc.	3.000,00 €	
Asesoría contable	3.000,00 €	
Asesoría xurídica	2.500,00 €	
Servizo de prevención riscos laborais	300,00 €	
Gastos de desprazamentos e manutención para actividade ordinaria	734,70 €	
Impostos e Comisións bancarias	2.000,00 €	
Memoria Anual	1.000,00 €	
GASTOS ÁREA FORTALECEMENTO E ACCIÓN INSTITUCIONAL	12.000,00 €	3,05%
Participación na Confederación de Fondos	6.500,00 €	
Viaxes institucionais e participación en Foros estatais ou internacionais	4.000,00 €	
Campaña de captación-sensibilización municipalismo galego	1.500,00 €	
GASTOS ÁREA SENSIBILIZACIÓN E COMUNICACIÓN	179.084,57 €	45,58%
Materiais comunicación e difusión	250,00 €	
Actividades de sensibilización de ONGD	12.000,00 €	
ACTIVIDADES INCLUÍDAS NO CONVENIO COA XUNTA	63.989,23 €	
Encontro Internacional "As Elixidas"	9.450,95 €	
Representacións Vía Morta (14)	19.880,00 €	
Servizo técnico para Exposición de realidade aumentada	3.150,00 €	
Axenda 2025	6.600,00 €	
Gastos de persoal	24.908,28 €	
ENCANTRO INTERNACIONAL "AS ELIXIDAS"-CONCELLO DA CORUÑA	20.022,79 €	
Viaxes, aloxamentos e manutención de mulleres electas dos países do Sur	13.549,05 €	
Gastos de persoal vinculado á actividade	6.473,74 €	
People & Planet	82.822,56 €	
Gastos vinculados ao persoal (salario e desprazamentos)	12.779,89 €	
Viaxes internacionais para reunións de coordinación	4.871,05 €	
Accións de rúa (Comunicación de guerrilla)	2.191,45 €	
Obradoiros de cociña	1.925,99 €	
Consello Climático Asesor Xuvenil	13.281,71 €	

Obradorios sobre os ODS (8 obradoiros)	11.916,59 €	
Axenda 2024 e outros materiais	4.632,17 €	
Concursos de murais	31.223,71 €	
GASTOS ÁREA COOPERACIÓN INTERNACIONAL	151.217,57 €	38,49%
Proxectos de cooperación e Axuda Humanitaria e de Emerxencia	100.641,51 €	
Convocatoria de proxectos 2024	0,00 €	
Especialistas en Cooperar- AECID	35.276,07 €	
Misión de seguimento a Guinea Bissau	5.300,00 €	
Misión de seguimento a Mozambique	5.000,00 €	
Programa de acollida temporal a mulleres defensoras de Dereitos Humanos	5.000,00 €	
IMPREVISTOS	4.038,04 €	1,03%
TOTAL GASTOS	392.885,05 €	

INGRESOS EN CONCEPTO DE COTAS DAS ENTIDADES SOCIAS 2024

CONCELLO	IMPORTE COTA 2024
Concello da Cañiza	387,88 €
Concello da Coruña	17.977,21 €
Concello da Estrada	1.638,64 €
Concello da Guarda	840,90 €
Concello da Laracha	1.028,62 €
Concello da Pastoriza	368,57 €
Concello da Pobra de Trives	264,46 €
Concello da Pobra do Caramiñal	747,49 €
Concello das Neves	500,00 €
Concello das Pontes	1.556,75 €
Concello de Abegondo	618,13 €
Concello de Alfoz	252,75 €
Concello de Allariz	646,09 €
Concello de Ames	2.544,83 €
Concello de Arteixo	3.990,63 €
Concello de Baños de Molgas	229,27 €
Concello de Barreiros	386,09 €
Concello de Barro	389,06 €
Concello de Bergondo	659,81 €
Concello de Betanzos	1.087,91 €
Concello de Boiro	1.441,82 €
Concello de Brión	701,46 €
Concello de Bueu	1.048,20 €
Concello de Burela	753,43 €
Concello de Cabana de Bergantiños	408,63 €
Concello de Cabanas	477,54 €
Concello de Caldas de Reis	762,58 €
Concello de Cambados	1.111,96 €
Concello de Cambre	1.791,38 €
Concello de Cangas	1.607,49 €
Concello de Carballo	2.533,90 €
Concello de Cariño	500,00 €
Concello de Carral	653,61 €
Concello de Cartelle	283,44 €
Concello de Castrelo de Miño	242,22 €
Concello de Castroverde	283,64 €
Concello de Corcubión	250,47 €
Concello de Covelo	500,00 €

Concello de Culleredo	2.362,39 €
Concello de Cuntis	423,45 €
Concello de Fene	2.000,00 €
Concello de Ferrol	5.138,32 €
Concello de Gondomar	1.147,27 €
Concello de Guitiriz	621,17 €
Concello de Laxe	368,17 €
Concello de Lousame	377,34 €
Concello de Lugo	9.394,99 €
Concello de Malpica de Bergantiños	616,62 €
Concello de Manzaneda	225,82 €
Concello de Miño	654,87 €
Concello de Moaña	3.462,27 €
Concello de Moeche	500,00 €
Concello de Monfero	242,93 €
Concello de Monforte de Lemos	1.422,49 €
Concello de Montederramo	83,84 €
Concello de Moraña	406,35 €
Concello de Mugardos	643,79 €
Concello de Muros	718,09 €
Concello de Narón	5.080,00 €
Concello de Nigrán	2.500,00 €
Concello de Noia	1.131,86 €
Concello de Oímbra	254,76 €
Concello de Oleiros	3.219,87 €
Concello de Ourense	10.165,39 €
Concello de Outes	643,12 €
Concello de Pantón	215,81 €
Concello de Poio	1.376,63 €
Concello de Pontearreas	1.731,84 €
Concello de Pontecesures	370,25 €
Concello de Pontedeume	695,85 €
Concello de Pontevedra	15.000,00 €
Concello de Porto do Son	747,32 €
Concello de Ramirás	249,18 €
Concello de Redondela	1.958,68 €
Concello de Rianxo	1.014,47 €
Concello de Ribeira	2.075,22 €
Concello de Rodeiro	276,97 €
Concello de Sada	1.344,70 €
Concello de San Cibrao de Viñas	618,04 €
Concello de San Sadurniño	500,00 €
Concello de Sandiás	237,53 €
Concello de Santiago de Compostela	10.528,64 €
Concello de Sarria	1.098,17 €
Concello de Silleda	732,41 €
Concello de Sober	257,91 €
Concello de Soutomaior	685,06 €

Concello de Teo	1.432,75 €
Concello de Tomiño	1.106,38 €
Concello de Tui	1.009,01 €
Concello de Triacastela	219,02 €
Concello de Valga	632,19 €
Concello de Verea	228,10 €
Concello de Verín	1.109,29 €
Concello de Viana do Bolo	290,99 €
Concello de Vilagarcía de Arousa	2.767,50 €
Concello de Vilar de Santos	224,20 €
Concello de Vilardevós	257,47 €
Concello de Vilasantar	237,96 €
Concello de Viveiro	1.316,08 €
Concello de Xove	769,28 €
Concello do Barco de Valdeorras	1.101,52 €
Concello do Irixo	500,00 €
Concello do Porriño	1.485,60 €
Concello do Rosal	500,00 €
Concello do Valadouro	263,27 €
Deputación da Coruña	18.434,38 €
Deputación de Lugo	12.000,00 €
Deputación de Pontevedra	16.232,64 €
TOTAL	209.104,31 €

GASTOS ÁREA FUNCIONAMENTO	46.544,86 €
Gastos persoal (1)	34.010,16 €
Gasto persoal Andrea Manuela García Corzo. Coordinación e Técnica de proxectos	15.804,56 €
Gasto persoal Carmen Novas Ferradás. Técnica de comunicación e sensibilización.	18.205,59 €
Correos, teléfono, internet, web, mensaxería, papelería, etc.	3.000,00 €
Asesoría contable	3.000,00 €
Asesoría xurídica	2.500,00 €
Servizo de prevención riscos laborais	300,00 €
Gastos de desprazamentos e manutención para actividade ordinaria	734,70 €
Impostos e Comisións bancarias	2.000,00 €
Memoria Anual	1.000,00 €
Deseño e impresión de 400 exemplares	800,00 €
Envío memorias	200,00 €

(1) O gasto de persoal total é maior, pero unha parte está imputado ás distintas subvencións.

GASTOS ÁREA FORTALECEMENTO E ACCIÓN INSTITUCIONAL	12.000,00 €
Participación na Confederación de Fondos	6.500,00 €
Cota 2024	3.500,00 €
Viaxes, aloxamento e manutención para reunións de coordinación	3.000,00 €
Viaxes institucionais e participación en Foros estatais ou internacionais	4.000,00 €
Viaxes, desprazamentos e manutención	4.000,00 €
Campaña de captación-sensibilización municipalismo galego	1.500,00 €
Petiscos	1.000,00 €
Desprazamento para as reunións	500,00 €

GASTOS ÁREA SENSIBILIZACIÓN E COMUNICACIÓN 179.084,57 €

Materiais comunicación e difusión	250,00 €
Montaxes para redes sociais	250,00 €
Actividades de sensibilización de ONGD	12.000,00 €

ACTIVIDADES INCLUÍDAS NO CONVENIO COA XUNTA 63.989,23 €

Encontro Internacional "As Elixidas"	9.450,95 €
Viaxes internacionais, aloxamento, traslados e manutención das	1.450,95 €
Materiais de visibilización	3.000,00 €
Pausas café e xantar para as participantes	3.000,00 €
Servizo de tradución	2.000,00 €
Representacións Vía Morta (14)	19.880,00 €
	19.360,00 €
Servizo técnico para Exposición de realidade aumentada	3.150,00 €
Servizo técnico para charlas guiadas (9)	3.150,00 €
Axenda 2025	6.600,00 €
Elaboración e envío da Axenda 2025	6.600,00 €
Gastos de persoal	24.908,28 €
Gastos persoal Andrea	13.108,05 €
Gastos persoal Carmen	11.800,23 €

ENCONTRO INTERNACIONAL "AS ELIXIDAS" -CONCELLO DA CORUÑA 20.022,79 €

Viaxes, aloxamentos e manutención de mulleres electas dos países do Sur	13.549,05 €
Metariais de visibilización	0,00 €
Pausas cafe e xantar para participantes	0,00 €
Servizo de tradución	0,00 €
Gastos de persoal vinculado á actividade	6.473,74 €

GASTOS PEOPLE AND PLANET	82.822,56 €
Gastos vinculados ao persoal (salario e desprazamentos)	12.779,89 €
Salario Andrea Manuela García Corzo (25%)	10.523,89 €
Per diem encontro en Alemaña	648,00 €
Per diem obradoiro de comunicación	408,00 €
Per diems para gastos de itinerancia do persoal	1.200,00 €
Viaxes internacionais para reunións de coordinación	4.871,05 €
Santiago SP - Stuttgart - Santiago SP	1.000,00 €
Santiago SP - Lisbon - Santiago SP	2.000,00 €
Desprazamentos en Galicia	1.871,05 €
Accións de rúa (Comunicación de guerrilla)	2.191,45 €
Obradoiros de cociña	1.925,99 €
Consello Climático Asesor Xuvenil	13.281,71 €
Obradorios sobre os ODS (8 obradoiros)	11.916,59 €
Axenda 2024 e outros materiais	4.632,17 €
Gafas 3D para expo realidade aumentada	2.000,00 €
Envío Axenda 2024	2.632,17 €
Concursos de murais	31.223,71 €

GASTOS ÁREA COOPERACIÓN INTERNACIONAL	151.217,57 €
Proxectos de cooperación e Axuda Humanitaria e de Emerxencia	100.641,51 €
Proxectos de cooperación e axuda humanitaria	90.820,53 €
Gasto Andrea García imputado a proxectos	5.168,32 €
Gasto Carmen Novas imputado a proxectos	4.652,66 €
Convocatoria de proxectos 2024	0,00 €
Especialistas en Cooperar- AECID	35.276,07 €
Deseño cartaces, bases do programa e impresión	150,00 €
Presentación do programa en varios concellos de Galicia	240,00 €
Voos a Cabo Verde e Mozambique para dúas persoas	4.100,00 €
Aloxamento en Cabo Verde e Mozambique para dúas persoas en cada destino(3 semanas)	2.900,00 €
Manutención e gastos de bolso para dúas persoas en Cabo Verde e dúas en Mozambique	5.040,00 €
Gastos desprazamento e manutención para a participación nas xornadas de formación e avaliación	500,00 €
Viaxe, aloxamento, manutención e traslado de dúas persoas a Galicia dun municipio caboverdiano	4.500,00 €
Incentivos para os dous técnicos de Mozambique (ANAMM), personal de asesoramento e apoio (75€/día*21 días*2 persoas) e gastos de traslados e aloxamentos. Cantidade extraída de las táboas de remuneración de la ANAMM	3.950,00 €
Gastos técnica de Comunicación, Carmen Novas Ferradás (10% sobre o gasto anual)	6.068,69 €
Gastos técnica de proxectos, Andrea García (10% sobre o gasto anual)	7.827,38 €
Misión de seguimento a Guinea Bissau	5.300,00 €
Viaxe tres persoas a Guinea Bissau	4.500,00 €
Estancia de unha semana para tres persoas	800,00 €
Misión de seguimento a Mozambique	5.000,00 €
Viaxe de tres persoas a Mozambique	4.500,00 €
Estancia de unha semana en Mozambique para tres persoas	500,00 €
Programa de acollida temporal a mulleres defensoras de Dereitos Humanos	5.000,00 €
Contribución económica ao programa	5.000,00 €